DEPUTACIÓN DE LUGO

ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE TRINTA DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

Presidenta:
Dª. María del Carmen López Moreno

Sres/as. Deputados/as:
D. Efrén Castro Caloto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López
Dª. Iria Castro Fernández

Secretario:
D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **trinta de outubro de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. Dª. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a Sra. deputada Dª. María del Pilar García Porto.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	1/101

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E TRES DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Por parte da Sra. Presidenta pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de outubro de dous mil vinte e seis que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CATRO VEHÍCULOS USADOS (TRES FURGONETAS E UN TODOCAMINO) DESTINADOS AO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE (ZONAS VERDES) PARA O PARQUE MÓBIL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da adquisición de catro vehículos usados (tres furgonetas e un todo camiño)destinados ao Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo, expediente 2026/CON_02/000096, consta no mesmo:

1. Proposta de inicio e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV77W7X3LBZZVS4NCMO5OUPE4Y[1].
2. Prego de prescricións técnicas, elaborado polo Parque Móbil Provincial, con CSV: IV77W7X3CH5L7SNY6EGMMUAWCM.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV77QXHLJX7LJKOLWX7CEQBDI4.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV77SWBMHAR35KVPQMNS6U77J4.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV77SWB2LMZSTPJOCZIUK5HGKM.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da adquisición de catro vehículos usados (tres furgonetas e un todo camiño)destinados ao Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo, expediente 2026/CON_02/000096

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	2/101

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto simplificado, considerando o valor estimado da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 73.900,00 euros, aos que se engadirán 15.519,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 89.419,00 euros.
A presente contratación tramítase como gasto anticipado, de conformidade co recollido no artigo 117.2 da LCSP.
O mencionado gasto financiarase con carto á anualidade do 2027, polo que a Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de incluír no orzamento do 2027 a cantidade indicada na aplicación orzamentaria 1710.624".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO C PARA CALEFACCIÓN NOS CENTROS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	3/101

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de gasóleo “C” para calefacción nos centros da Deputación Provincial de Lugo, 2026/CON_02/000093, consta no mesmo:
ANTECEDENTES.

1. Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV77QD77BPZK3XF4UV5DOECBB41.
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV77QD77PJESVH4SYE65MRRULY.
3. Informe da Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV77VWXSBVUJQRNI6EFEAEPED4.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV77SWB6BEWC2RJ74PXWKA7QNY.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV77SWB4LZJZ3355TX4NDYAPM4.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de gasóleo “C” para calefacción nos centros da Deputación Provincial de Lugo, por un período de un ano, con posibilidade dunha prórroga anual.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	4/101

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 75.551,24€, ao que se aplicará un IVE do 21%, 15.865,76 €, o que fai un total de 91.417,00 €. O gasto financiarase conforme ao seguinte desglose:

CENTRO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	COSTE ANO 2027 (IVE INCLUIDO)
MUSEO PROVINCIAL	3330.22103	32.360,00 €
EDIFICIO MIÑO	9200.22103	14.562,00 €
GRANXA PROVINCIAL	4120.22103	3.236,00 €
PAZO TOR	3332.22103	4.854,00 €
CAM NAVIA	2315.22103	36.405,00 €

A presente contratación tramítase como gasto anticipado, de conformidade co recollido no artigo 117.2 da LCSP.
O gasto financiarase con cargo a anualidade do 2027 polo que, a Deputación, adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria y sustentabilidade financeira de incluír, no orzamento do 2027 as cantidades indicadas nas aplicacións orzamentarias sinaladas".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GAS PROPANO E MANTEMENTO DO DEPÓSITO FIXO DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO (RÍO RATO).

A Xunta de Goberno, propn deixar o asunto sobre a mesa, para mellor estudo e informe.

5.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE CINCO VEHÍCULOS (UTILITARIO OU COMPACTO URBANO) PARA O PARQUE MÓBIL PROVINCIAL, DESTINADOS AO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS E A RECOLLIDA DE CINCO VEHÍCULOS USADOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 22 de outubro de 2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"ANTECEDENTES:
1. Providencia de inicio e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV76EPST3LZTITXDST7WNYSUFY.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV76E3H3BBGKJO7PWH7E6FZ6O4

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	5/101

3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV762TJCDIOJ5DPMBXXVIERDAA
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV76FTSZH5MDZK6PQ7YGCI2QEU
5. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV76FTS4FEPJ6VF3QYXVMU37MU
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV76GS3KYAP3WXRPYFQA6E7F4Y
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV76GTCZHX5P57PN2AUSKZZD4A
8. Acordo da Xunta de Goberno de data 11 de setembro de 2026, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV76G4BNJAOZ725KS4OXIYB7GM
9. Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 15 de setembro de 2026.
10. Acta da mesa de contratación do 02 de outubro de 2026, con CSV: IV77W377AFEP3PN4A74SKQAU6M, na que se recolle o seguinte:
"Procedeuse á apertura do sobre que contén a declaración de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, son: AUTOGOMAS NOROESTE, S.L. e BREOGÁN CAR SLU.
Considerando que as dúas empresas concorrentes presentaron, dentro do prazo concedido a tales efectos, a súa proposta, a Mesa de Contratación acorda admitilas, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co resultado de que os anexos I presentados polas licitadoras se axustan aos requisitos recollidos no PCAP.
A continuación procédese á apertura dos sobres relativos aos criterios de adxudicación avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas, sendo a oferta a que se transcribe no cadro.
A Mesa de Contratación acorda outorgar a seguinte puntuación:

LICITADOR	PREZO OFERTADO	PREZO RECOLLIDA VEHÍCULOS USADOS	PRAZO DE ENTREGA
AUTOGOMAS NOROESTE SL	87.584,46 €	26.589,50 €	20
BREOGAN CAR SLU	86.920,00 €	26.000,00 €	120

Procédese á comprobación de se algunha das proposta está incursa en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, co resultado de que non están incursas.
Acto seguido procédese a valorar as propostas presentadas, cos seguintes resultados:

LICITADOR	PREZO OFERTADO	PUNTOS	PREZO RECOLLIDA VEHÍCULOS USADOS	PUNTOS	PRAZO	PUNTOS	TOTAL
AUTOGOMAS NOROESTE SL	87.584,46 €	74,43	26.589,50 €	20	20	5	99,43
BREOGAN CAR SLU	86.920,00 €	75	26.000,00 €	19,56	120	0 Non obtén puntos por superar o prazo máximo de entrega	94,56

Así mesmo, procédese á apertura da documentación técnica requirida no PCAP, que deberá someterse a estudio da unidade xestora, o Parque Móbil.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	6/101

A Mesa de Contratación acorda dar traslado á unidade xestora, Parque Móbil da oferta técnica presentada polo licitador mellor valorado, solicitando informe sobre cumprimento dos requisitos técnicos, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para continuar cos trámites de requirimento á oferta máis vantaxosa no caso de que o informe sexa favorable.
Visto que a empresa está inscrita no ROLECE, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, previo informe favorable do Parque Móbil:
1º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	AUTOGOMAS NOROESTE SL	99,43 puntos
2	BREOGAN CAR SLU	94,56 puntos

2º.- Requirir á empresa AUTOGOMAS NOROESTE, S.L. para que, dentro do prazo de SETE DÍAS HÁBILES, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 159.4 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orzamento de licitación sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
141.452,31 €	7.072,62 €

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento".
Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 22 de outubro de 2026, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase en primeiro lugar aos asistentes que se detecta un erro na acta da sesión da mesa de contratación do día 02 de outubro de 2026, posto que se requiriu ao licitador mellor clasificado unha garantía definitiva de 7.072,62 euros, cando se debería ter requirido unha garantía de 5.708,70 euros ((87.584,46 + 26.589,50)*0.05)).
Acto seguido, infórmase aos asistentes de que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente certificado da Recadación Provincial e certificado da Deputación Provincial de Lugo, relativo á solvencia técnica.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	7/101

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.
A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, ACORDA PROPOÑER que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:
1º.- Adxudicar á empresa AUTOGOMAS NOROESTE SL a contratación da subministración de cinco vehículos (utilitario ou compacto urbano) para o Parque Móbil provincial, destinados ao Servizo de Vías e Obras e recollida de cinco vehículos usados, por importe de 87.584,46 euros, aos que haberá que engadir 18.392,74 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 105.977,20 euros. O adxudicatario comprométese á recollida dos cinco vehículos usados por importe de 26.589,50 euros. A entrega dos vehículos novos e a recollida dos usados faráse nun prazo máximo de 20 días naturais.
2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos".

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Adxudicar á empresa AUTOGOMAS NOROESTE SL a contratación da subministración de cinco vehículos (utilitario ou compacto urbano) para o Parque Móbil provincial, destinados ao Servizo de Vías e Obras e recollida de cinco vehículos usados, por importe de 87.584,46 euros, aos que haberá que engadir 18.392,74 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 105.977,20 euros. O adxudicatario comprométese á recollida dos cinco vehículos usados por importe de 26.589,50 euros. A entrega dos vehículos novos e a recollida dos usados faráse nun prazo máximo de 20 días naturais.

2º.- O prazo de entrega é de 20 días naturais. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da formalización do contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	8/101

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN CARRETERAS PROVINCIAIS, LOTE 20: TABOADA E O SAVIÑAO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a proposta de data 29/09/2025 con CSV: IV7TGW2OJJN37LNCQQOMC4AA6Q1, do seguinte teor literal:

"Se toman en consideración como antecedentes inmediatos ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo, en especial os seguintes feitos e documentos:

PRIMEIRO.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 08/03/2024 aprobouse o expediente de contratación, procedemento, prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto correspondente para contratación do servizo de desbroce de maleza en carreteras provinciais, anualidades 2024-2025. Expediente 2024/CON_02/000008.

SEGUNDO.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 28/06/2024 acordouse adxudicar o lote 20,do servizo de desbroce de maleza en carreteras provinciais da zona de Taboada e O Saviñao, anualidades 2024-2025 á mercantil Construcciones Leonardo Miguelez, S.L. nos seguintes termos:

	Empresa	PREZO ADX. SEN IVE	IVE	Con IVE	IDADE DOS TRACTORES(Medios materiais)
Lote 20	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ S.L.	105.841,88 euros	22.226,79 euros	128.068,67 euros	2 tractores desbrozadores con brazo con máis de 15 anos

A duración do contrato é de dous anos, con posibilidade de prórroga por un ano. O prazo máximo de execución será de 2,5 meses, contados a partir da sinatura da acta de inicio de cada anualidade, nos termos recollidos na cláusula 2.4 do PPT, que terá lugar entre maio e setembro de cada anualidade.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	9/101

TERCEIRO.- Con carácter previo ao inicio da prestación correspondente á anualidade 2026, constan no expediente diversas comunicacións dirixidas á mercantil.
En particular, o 27 de xaneiro de 2026 comunicóuselle a previsión do inicio dos traballos da anualidade 2026 e, posteriormente, o 26 de febreiro de 2026, comunicóuselle unha nova previsión de inicio da campaña.

CUARTO.- Mediante Resolución da Presidencia do 13 de marzo de 2026 acordouse a prórroga do contrato para a anualidade 2026, con entrada en vigor o día 02/06/2026, mantendo inalteradas, durante a prórroga, as condicións e obrigas contractuais; sendo notificada á mercantil o 17 de marzo de 2026.
O 19 de maio de 2026 advertiuse expresamente á contratista da próxima posta á súa disposición da acta de inicio correspondente ao lote 20. A acta establecía como data de inicio da prestación o 1 de xuño de 2026, no concello do Saviñao.
Ese mesmo 19 de maio púxose á súa disposición, a través do sistema de administración electrónica da Deputación, a preceptiva acta de inicio, sen que a mercantil realizase actuación ningunha tendente á súa aceptación ou sinatura durante os dez días seguintes.

QUINTO.- O día 14 de abril de 2026, D. José Antonio Miguélez Díaz, en representación de CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L., interpuxo recurso potestativo de reposición contra a Resolución de prórroga, ditada o 13 de marzo de 2026, solicitando que se deixase sen efecto a prórroga.
Constan informes de inspección dos días 1, 4, 9 e 14 de xuño de 2026 nos que se acredita que a contratista non dera comezo á prestación.
O recurso foi desestimado integramente mediante Resolución da Presidencia do 26 de xuño, confirmándose expresamente a resolución de prórroga por considerala conforme a Dereito. Con data 1 de xullo do 2026 dáse traslado á mercantil da Resolución que desestima o Recurso de Reposición presentado por Leonardo Miguélez, S.L., quedando constancia do acceso ao contido da notificación o mesmo día ás 10:32 horas

SEXTO.- Unha vez resolto o recurso de reposición contra a prórroga e notificada á empresa a súa desestimación, o 1 de xullo de 2026, continuáronse realizando actuacións de comprobación do cumprimento contractual.
O 4 de agosto de 2026 efectuouse unha nova inspección, na que se constatou novamente que CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L. non iniciara a prestación.

SÉTIMO.- Á vista dos feitos descritos, a Xunta de Goberno, en sesión do 14 de agosto de 2026, acordou incoar procedemento para a resolución do contrato correspondente ao lote 20, por apreciar inicialmente a existencia de incumprimentos imputables ao contratista susceptibles de constituír incumprimento de obrigas contractuais esenciais que o PCAP configura como causa de resolución e, asemade, incumprimento da obriga principal do contrato.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	10/101

OITAVO.- O acordo foi notificado á mercantil o 18 de agosto de 2026, concedéndolle trámite de audiencia por prazo de dez días naturais.

NOVENO.- O 25 de agosto de 2026 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L. presentou escrito de alegacións no que manifesta a súa oposición á resolución contractual e solicita a revogación do acordo de incoación.

Procede, polo tanto, analizar as alegacións formuladas, con plena garantía do principio de contradición e congruencia da resolución, que se deba adoptar

Emítese o presente e en atención a seguinte;

Normativa aplicable:
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) .
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das AA.PP., aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.
- Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Pregos de Cláusulas Administrativas do expediente de contratación.
- Regulamento Orgánico Provincial.

CUESTIÓNS PREVIAS:

Con carácter previo a entrar no fondo do asunto, compre reafirmar, que non se está a revisar neste expediente a corrección das penalidades impostas durante a anualidade 2025, nin se pretende anticipar ou interferir no pronunciamento dos órganos da xurisdición contencioso-administrativa respecto das resolucións que impuxeron aquelas penalidades.

Tampouco constitúe o obxecto directo deste procedemento efectuar unha nova revisión administrativa da Resolución do 13 de marzo de 2026 pola que se acordou a prórroga.

O obxecto do presente expediente consiste en determinar as consecuencias xurídico-contractuais derivadas dunha conduta posterior e perfectamente diferenciable: a falta de execución da prestación correspondente á anualidade 2026 por parte da contratista, unha vez acordada a prórroga contractual e requirida para iniciar a prestación.

Esta precisión resulta esencial, pois permite diferenciar tres planos xurídicos: a) as incidencias producidas durante a execución de 2025, que deron lugar aos correspondentes expedientes de penalidades; b) a legalidade da prórroga acordada para 2026, respecto da cal a empresa interpuxo recurso de reposición,

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	11/101

posteriormente desestimado; e c) o eventual incumprimento contractual producido durante 2026 como consecuencia da falta de inicio e absoluta inexecución da prestación prorrogada.

É este último o que constitúe o fundamento inmediato do procedemento de resolución contractual.

CONSIDERACIÓNS:

I. Primeira alegación. Extinción do contrato administrativo e extemporaneidade da prórroga.
A contratista articula esta alegación en dous argumentos.
En primeiro lugar, sostén que as penalidades impostas en 2025, a cualificación de determinados incumprimentos como graves e a afectación da garantía definitiva demostrarían que a Administración optara xa pola resolución contractual.
A imposición dunha penalidade contractual non equivale á resolución do contrato. A resolución contractual constitúe unha prerrogativa administrativa sometida ás causas, procedemento e garantías establecidos na LCSP e non pode entenderse producida de maneira implícita polo mero feito de que se impoñan penalidades ou se fagan efectivas sobre a garantía.
De feito, consta expresamente na resolución do recurso de reposición que, con anterioridade á prórroga, non se tramitara expediente de resolución contractual nin concorría unha declaración administrativa de extinción anticipada do contrato.
Non resulta admisible, por tanto, identificar penalización contractual con resolución contractual.
Precisamente o actual expediente acredita o contrario: cando a Administración aprecia a posible concorrencia dunha causa resolutoria, procede á súa incoación formal, concede audiencia á contratista e ao garante e somete a decisión ás garantías procedementais legalmente establecidas.
En segundo lugar, sostén a empresa que o contrato tería finalizado coa acta de recepción da prestación correspondente a 2025 e que, en consecuencia, a prórroga acordada o 13 de marzo de 2026 sería extemporánea.
Tampouco pode prosperar esta argumentación.
Esta cuestión enlaza directamente coa legalidade da prórroga, que foi obxecto específico do recurso de reposición presentado pola propia mercantil.
O PCAP establece unha duración de dous anos, prorrogable por outra anualidade, e o cómputo do prazo contractual nos termos establecidos na cláusula 5.1.
A resolución do recurso de reposición confirmou integramente o Decreto do 13 de marzo de 2026 polo que se acordara a prórroga.
Por conseguinte, a empresa pretende neste trámite reproducir unha cuestión que xa foi obxecto dun procedemento administrativo específico e dunha resolución expresa.
Sen prexuízo do dereito da interesada a someter a legalidade daquela resolución ao control da xurisdición contencioso-administrativa, a súa mera discrepancia non priva de eficacia o acto administrativo nin autoriza a contratista para desatender as obrigas que del derivan.
Procede desestimar a primeira alegación.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	12/101

II. Segunda alegación. Sobre a pendencia xudicial.
A mercantil invoca a existencia dos procedementos contencioso-administrativos núm. 397/2025 e 68/2026 e sostén que a incoación do actual expediente de resolución contractual invade as competencias do órgano xurisdicional.A alegación debe igualmente ser desestimada.
Os procedementos xudiciais invocados teñen por obxecto as resolucións administrativas polas que se impuxeron penalidades correspondentes a incidencias producidas durante a execución contractual de 2025.
Pola contra, o presente expediente ten como fundamento inmediato feitos producidos durante 2026, posteriores á prórroga contractual: a falta de atención á acta de inicio e, fundamentalmente, a falta absoluta de inicio dos traballos correspondentes á anualidade prorrogada.
Consta documentalmente que o 19 de maio se puxo á disposición da empresa a acta de inicio, que esta non foi atendida e que as inspeccións efectuadas os días 1, 4, 9 e 14 de xuño comprobaron a falta de inicio dos traballos.
E, incluso despois de ser notificada a desestimación do recurso de reposición o 1 de xullo de 2026, unha nova inspección efectuada o 4 de agosto constatou que a prestación seguía sen iniciarse.
Non existe, por tanto, identidade entre o obxecto dos procesos xudiciais invocados e o do presente procedemento administrativo.
A Administración non está revisando nin modificando as resolucións sometidas ao control xurisdicional nin pretendendo determinar o resultado daqueles procesos. Está exercendo as potestades que a lexislación contractual lle atribúe ante novos feitos susceptibles de constituír unha causa de resolución contractual.
A incorporación ao proceso xudicial dunha comunicación relativa á prórroga como feito novo tampouco transforma automaticamente a legalidade da prórroga no obxecto do recurso nin produce a suspensión da súa eficacia administrativa.
Por todo iso, non se aprecia a pretendida invasión das competencias xurisdicionais nin causa que obrigue a suspender ou arquivar o presente procedemento. Procede desestimar a segunda alegación.

III. Terceira aleglación. Irregular proceder da Administración.
A empresa rexeita ser responsable da frustración do contrato e sostén que foi a propia Deputación a que, coñecendo desde marzo ou abril de 2026 a súa negativa a executar a prórroga, dispuxo de tempo suficiente para realizar unha nova contratación ou acudir a unha contratación de emerxencia. Esta alegación tampouco pode prosperar.
A tese formulada parte dunha premisa que non pode ser aceptada: que a comunicación polo contratista da súa vontade de non continuar coa prestación sería suficiente para liberalo das obrigas contractuais.
Un contrato administrativo non queda ao arbitrio unilateral dunha das partes.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	13/101

A empresa podía impugnar -como efectivamente fixo- a decisión de prórroga, pero a interposición do recurso non a facultaba para substituír pola súa propia vontade unha decisión administrativa eficaz nin para suspender unilateralmente o cumprimento das súas obrigas.
Admitir a tese contraria equivalería a recoñecer ao contratista unha facultade de desistimento unilateral non prevista no contrato nin na LCSP, facendo depender a continuidade dunha prestación de interese público da exclusiva vontade do operador económico.
A propia resolución do recurso de reposición xa razoou que admitir que a existencia de incidencias permitise ao contratista impedir unilateralmente a prórroga suporía baleirar de contido a potestade administrativa e facer depender a súa eficacia da vontade do contratista.
Tampouco pode trasladarse á Administración a responsabilidade derivada da inexecución baixo o argumento de que debería ter contratado preventivamente outro operador desde o momento en que a mercantil manifestou que non estaba disposta a cumprir.
A Administración non estaba obrigada a asumir como lícito un incumprimento contractual anunciado nin a considerar extinguida unha relación contractual que permanecía vixente.
Cuestión distinta é que, unha vez constatada a falta efectiva de prestación e ante a necesidade de protexer o interese público, a Administración deba adoptar as medidas necesarias para garantir o servizo. Precisamente, o acordo de incoación dispón impulsar unha contratación de emerxencia para garantir a seguridade viaria e o cumprimento da normativa de prevención e defensa contra os incendios forestais. Tal actuación non exonera á contratista das consecuencias que, de ser definitivamente acreditado o incumprimento, poidan derivar deste, polo que procede desestimar a terceira alegación.

IV. Cuarta alegación. Incompatibilidade
Finalmente, a contratista denuncia unha suposta actuación vexatoria e contraria á boa fe por parte do responsable do contrato, imputandolle diversas expresións e sostendo que existe unha animadversión persoal que fai inviable a continuidade da relación contractual.
As consideracións expostas pola empresa sobre a forma ou ton dalgunhas expresións empregadas nos informes non resultan suficientes para desvirtuar os feitos obxectivos nos que se sustenta o procedemento.
O expediente de resolución non pode descansar en valoracións persoais acerca da contratista, senón en feitos acreditados documentalmente e na súa subsunción nas causas de resolución previstas na LCSP e nos pregos.
Os feitos relevantes para este procedemento -posta á disposición da acta de inicio, falta de sinatura, ausencia de inicio da prestación e comprobación reiterada da inexecución- son susceptibles de constatación obxectiva e independente das opinións ou expresións persoais do responsable do contrato.
A eventual procedencia ou improcedencia dalgunha expresión empregada nun informe, de ser o caso, non determina, por si soa, a inexistencia do incumprimento contractual nin invalida automaticamente o procedemento cando a decisión

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	14/101

corresponde ao órgano de contratación e debe sustentarse no conxunto da documentación incorporada ao expediente.
A propia incoación foi acordada pola Xunta de Goberno, como órgano de contratación, e non polo responsable do contrato.
Por outra parte, a alegación relativa a que a relación contractual resulta xa inviable pola perda de confianza ou pola mala relación coa persoa responsable do contrato tampouco pode operar como causa unilateral de desvinculación contractual.
As obrigas derivadas dun contrato administrativo non dependen da existencia dunha relación de confianza persoal entre o contratista e os empregados públicos encargados da súa supervisión.
Todo iso sen prexuízo de que a empresa poida exercer, polas vías que estime procedentes, as accións que considere oportunas respecto das expresións ás que fai referencia, cuestión que resulta allea ao obxecto do presente procedemento de resolución contractual.
Procede desestimar a cuarta alegación.

V. SOBRE A CONCORRENCIA INICAL DAS CAUSAS DE RESOLUCIÓN
Desestimadas as alegacións formuladas, debe determinarse se subsisten os presupostos que xustificaron a incoación.
O apartado M do cadro resumo do PCAP e o apartado 2.5 do PPTP atribúen carácter esencial, entre outras, ás obrigas relativas á dispoñibilidade dos medios persoais e maquinaria e ao cumprimento dos ítems de execución, establecendo un rendemento mínimo semanal e un prazo máximo de execución de dous meses e medio.
Pero no suposto analizado a cuestión presenta unha intensidade superior ao mero incumprimento dun determinado rendemento semanal.Non consta unha execución parcial ou defectuosa da prestación correspondente a 2026; o que consta é a súa falta de inicio.
Consecuentemente, os feitos presentan encaixe non só no incumprimento das obrigas esenciais expresamente cualificadas como tales nos pregos, senón tamén no incumprimento da propia obriga principal do contrato, causa de resolución prevista no artigo 211.1.f) da LCSP.
A prestación principal consistía precisamente na realización dos traballos de desbroce. A súa absoluta inexecución durante a anualidade prorrogada afecta directamente á causa e finalidade da contratación e determina a frustración do obxecto contractual.
Ademais, o incumprimento presenta caracteres de imputabilidade ao contratista, pois non alega a existencia dunha imposibilidade material sobrevida, forza maior, incumprimento previo da Administración que imposibilitase a prestación ou outra circunstancia obxectiva impeditiva.
Pola contra, a propia empresa recoñece que a súa decisión de non executar deriva da súa oposición á prórroga e da súa discrepancia coa actuación administrativa.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	15/101

Tal discrepancia podía articularse a través dos correspondentes medios de impugnación, pero non mediante a inexecución unilateral da prestación.
En conclusión as alegacións presentadas que foron examinadas no presente informe, non desvirtúan, polos motivos expostos, os presupostos fácticos e xurídicos que determinaron a incoación do procedemento de Resolución contractual o día 14 de agosto de 2026.

VI. Sobre o procedemento
Vistas as alegacións, e a plena satisfacción do iter procedemental marcado na normativa, a teor do disposto no artigo 212.1 da LCSP 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001, procede a continuación do dito expediente, solicitando ditame do Consello Consultivo, respecto da proposta de resolución cando se formule oposición por parte do contratista como ocorre neste expediente.
Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

VII. Sobre o órgano competente
Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo, sen prexuízo da súa avocación pola Presidencia.
Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a Presidencia, ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente propoño ó órgano de contratación, facultando ó Presidente para a remisión do expediente o Consello Consultivo de Galicia e solicitude do previo e preceptivo ditame deste órgano, aprobar que se formule a seguinte proposta de resolución:
a) Resolver o contrato do servizo de desbroce de maleza en carreteras provinciais, 2024/CON_02/000008 lote 20: Taboada e O Saviñao, desestimando as alegacións formuladas polo contratista, polas causas expresadas no corpo do presente e no informe con CSV: IV76YC7P3UHN7LR2QQQQO4AFGI1, concorrendo incumprimentos con natureza de obriga esencial co incumprimento da obriga contractual principal; ó abeiro da documentación obrante no expediente e do razoado no corpo do presente.
b) Notificar a presente á entidade CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ S.L. co correspondente réxime de recursos.
c) Resolto o expediente de resolución, proceder no seu caso, a instrución de expediente contraditorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.
d) Proceder á incautación da garantía definitiva constituída mediante aval do Banco Santander, por importe de 5.292,09 euros, coa referencia de depósito na tesourería provincial 32024003913 (Expediente 124/XEN/1807).

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	16/101

e) Dar traslado da presente proposta de resolución ó consello Consultivo de Galicia para emisión do seu preceptivo informe.
f) Suspender o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento no tanto non se reciba o ditame do Consello Consultivo de Galicia".

Tendo en conta o ditame favorable remitido polo Consello Consultivo de Galicia en data 14/10/2026, con CVE: A7myP9RFqad1[1] proponse, que pola Xunta de Goberno, unha vez fiscalizado, se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Levantar a suspensión do prazo máximo para resolver e notificar o expediente de resolución contractual.

2º.- Resolver o contrato do servizo de desbroce de maleza en carreteras provinciais, 2024/CON_02/000008 lote 20: Taboada e O Saviñao, desestimando as alegacións formuladas polo contratista, polas causas expresadas no corpo do presente e no informe con CSV: IV76YC7P3UHN7LR2QQQQO4AFGI1, concorrendo incumprimentos con natureza de obriga esencial co incumprimento da obriga contractual principal; ó abeiro da documentación obrante no expediente e do razoado no corpo do presente.

3º.- Resolto o expediente de resolución, proceder no seu caso, a instrución de expediente contraditorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

4º.- Proceder á incautación da garantía definitiva constituída mediante aval do Banco Santander, por importe de 5.292,09 euros, coa referencia de depósito na tesourería provincial 32024003913 (Expediente 124/XEN/1807).

5º.- Dar traslado do Acordo adoptado ao contratista e á entidade avalista, co correspondente réxime de recursos.

6º.- Dar traslado ao responsable do contrato, a intervención provincial e a tesouraría provincial co obxecto de que se execute a incautación acordada.

7º.- Dar conta das actuacións realizadas ao Consello Consultivo de Galicia".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

[1]Accesible no seguinte enlace: https://sede.xunta.gal/cve

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	17/101

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

1º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: PARADELA.- Rehabilitación de firme LU-P-4203 "Pacios (LU-633) – Trebolle (LU-P4302)", p.k. 0+500 a 4+300.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: PARADELA.- Rehabilitación de firme LU-P-4203 "Pacios (LU-633) – Trebolle (LU-P4302)", p.k. 0+500 a 4+300, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV77SQLKZZWO2VMT2Q6V4YSAA4[1].
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV77SQK4LVJ2L2GICY75JZQF6E.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV77QPPNBMOL7XMTWJFN4NDUME.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV77QPPMDP5S3XBC6BQS6BDUMU.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV77SSJJJV5KLKPPAM5HMJJTME.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV77SXYLFRFPJGMDQMQT4UTEOE.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV77SXYIFXWZWVEZ4AWCF377CQ.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: PARADELA.- Rehabilitación de firme LU-P-4203 "Pacios (LU-633) – Trebolle (LU-P4302)", p.k. 0+500 a 4+300, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	18/101

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 258.766,55 €, dos cales 44.909,90 € corresponden ao IVE (21%), con cargo á aplicación orzamentaria 4530.619".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: PANTÓN - O SAVIÑAO: Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-3204 "Monforte (LU-617) - A Vide - Moreda (LU-P-4106)", pk 7+156 a 7+676 e LU-P-4112 "Reguengo (LU-P-4106) - Lamaquebrada (LU-P-4102)", 0+000 a 6+470.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: PANTÓN - O SAVIÑAO: Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-3204 "Monforte (LU-617) - A Vide - Moreda (LU-P-4106)", pk 7+156 a 7+676 e LU-P-4112 "Reguengo (LU-P-4106) - Lamaquebrada (LU-P-4102)", 0+000 a 6+470, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, redactado por José Fernández Parajes.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV77SSCPJVUNJBEOYV6M7YLONY.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV77QMD2PEH4T2J26UMBANIAOU[1].
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV77QMD2377DTSOYUFXTERPG74.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV77SSJ4BBEOWRBZQ4W4ADYEMY.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV77SQJKLNWJTVBD7Q5VKMKQKA.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV77SQJJCBM32S5NXV54G5Y6EE.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: PANTÓN - O SAVIÑAO: Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-3204 "Monforte (LU-617) - A Vide - Moreda (LU-P-4106)", pk 7+156 a 7+676 e LU-P-4112 "Reguengo (LU-P-4106) - Lamaquebrada (LU-P-4102)", 0+000 a 6+470, sometelo a información pública por

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	19/101

espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 250.640,40 €, dos cales 43.499,57 € corresponden ao IVE (21%), con cargo á aplicación orzamentaria 4530.619".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: GUNTÍN.- Rehabilitación de firme con gravilla por tramos LU-P-2406 "Lousada (LU-612) – A Mota – Longalai (LU-P-2913)", p.k. 4+440 a 8+238.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: GUNTÍN.- Rehabilitación de firme con gravilla por tramos LU-P-2406 "Lousada (LU-612) – A Mota – Longalai (LU-P-2913)", p.k. 4+440 a 8+238, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, redactado por Héctor Diéguez Aranda.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV77QMD3ZD4P774M5UIXIU2T44.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV77QMDYLVHZ5NPSY4YXENCXDY.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV77QMDYZIWD6VNNUBPNKRQD6U[1].
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV77SSJTNFPC76NN6D7B6NPXF4.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV77SQJKDE677H6O2FYFABTPKA.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV77SQJJJRHKJTJP5Q5AGNRC4M.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	20/101

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: GUNTÍN.- Rehabilitación de firme con gravilla por tramos LU-P-2406 "Lousada (LU-612) – A Mota – Longalai (LU-P-2913)", p.k. 4+440 a 8+238, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 90.690,69€, dos cales 15.739,71 € corresponden ao IVE (21%), con cargo á aplicación orzamentaria 4530.619".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DECLARACIÓN DE DESERTA E NOVA LICITACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DAS OBRAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno de data 28/08/2026, con CSV: IV76EXROH7RMJLBJYYUDF7SQGU[1], relativo á aprobación do procedemento de licitación aprobado para a obra A PONTENOVA.- Mellora da rede viaria en Conforto e unha vez publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e vencidos os prazos de presentación de ofertas, celébrase mesa de contratación.

Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 29/09/2026, con CSV: IV77UL7LJJUZZSHS7R44A5A6KI na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:
"(...)
Pola Presidencia, dáse conta de que ningunha empresa presentou oferta á contratación da obra indicada, segundo anuncio publicado na plataforma de

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	21/101

Contratación do Sector Público o 28/08/2026 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público.

A vista do anterior, a mesa acordou declarar deserta a licitación ao non presentar oferta ningunha empresa, elevando a Acta ao órgano de contratación para o seu coñecemento e remitir ao Servizo de Vías e Obras o expediente aos efectos oportunos".

Vistos os informes do Servizo de Vías e Obras, con CSV: IV77QPICBQXPWT724ZYGOBLAGA, así como o Informe do Servizo de Contratación e Fomento con CSV: IV77QPPJZERCTLVTWVPM54HSMQ, relativos á apertura dun novo procedemento de licitación, negociado sen publicidade, por terse declarado deserto na licitación por procedemento aberto e segundo a previsión prevista no PCAP e a non alteración das condicións iniciais do contrato.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Declarar deserta a licitación da obra A PONTENOVA.- Mellora da rede viaria en Conforto (Expte: 2026/CON_02/000076), por non presentar oferta ningunha empresa.

2º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 1º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada Lei, de conformidade co previsto na normativa e no propio PCAP, conservando a documentación, informes e pregos, en todo aquelo que non se opoña á normativa reguladora do procedemento negociado, e singularmente conservando os criterios automáticos ou dependentes de fórmula matemática para a fase 1 pero cunha valoración do prezo de 50 puntos. Na fase 2 "de Negociación" esta efectuarase únicamente co criterio prezo, e cun máximo de 27,5 puntos, e utilizando a mesma formula que no PCAP, substituíndo o prezo de licitación pola oferta mais vantaxosa da fase 1. No caso de non presentar oferta na fase 2, de negociación, entederase que a oferta final sería o presentado na fase 1 desta negociación, non obtendo puntuación neste apartado.

3º.- Dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite ás mercantís CHOLO SL, CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL e OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores, concedéndolle un prazo para presentación de ofertas na fase 1 ata as 23.59h do día 04/11/2026. O prazo para presentación na fase 2, de negociación, será o indicado no convite. Na fase de negociación unicamente se negociará co criterio prezo.

4º.- Dar traslado do acordo ao Servizo de Vías e Obras e a Intervención aos efectos oportunos.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	22/101

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON OBRAS DE EMERXENCIA.

Proposta en relación co orzamento definitivo remitido pola dirección técnica da obra de emerxencia da obra de CHANTADA.- Actuacións precisas para remediar a situación provocada polo movemento dun muro de sostemento existente no p.q. 14+500 da estrada LU-P-1801.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento – Unidade de Obras e Plans-, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"Vista a documentación técnica descritiva remitida en data 20/10/2026 polo Director Técnico das obras de emerxencia sinalada, ao que acompaña memoria, documentación gráfica, valoración definitiva das obras e recepción das mesmas, infórmase o seguinte:

PRIMEIRO.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada con data 10/04/2026 a vista dos informes dos Servizos en relación coa actuación de emerxencia sinalada, adoptouse acordo (CSV: IV7RYTQYYHXNVX4KVV5HO4KVN4) declarando a emerxencia e encomendando a execución da obra á mercantil XÉRMOLO SA, no orzamento estimado de 330.756,09€, IVE incluído; os traballos de estudo xeotécnico do terreo mediante colaboración da mercantil INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO SL, no orzamento de 9.274,65€ IVE incluído e a empresa CIMARQ SL os traballos de cálculo estrutural da pantalla de micropilotes, das ancoraxes e de outros elementos estruturais que se precisen no orzamento 7.495,95€ IVE incluído.

SEGUNDO.- O artigo 120 da LCSP, en su apartado d) establece o seguinte: "Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Lei sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación … indicando ademais: "En el supuesto de que le libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizada a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos".

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	23/101

TERCEIRO.- Pola dirección técnica con data 20/10/2026, trasladase a este Servizo de Contratación e Fomento documentación técnica descritiva da execución da obra indicada.
No caso que nos ocupa, entende o que subscribe que por "cuenta justificativa", refírese ou debe entenderse a valoración definitiva das obras executadas –relación valorada-, memoria e a acta de recepción redactadas pola dirección técnica así como a factura, unha vez que sexa presentada polo contratista adxudicatario.
Destacar que o propio acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 10/04/2026, no apartado terceiro do acordo di que "As obras liquidáranse á súa terminación mediante relación valorada (Artigo 179 do RD1098/2001 para o cal , o total resultante da suma dos produto das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementaránse un 5% en concepto de percepeción económica para o empresario ao que se lle encomende a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP)"; figurando así na valoración definitiva das obras.

CUARTO. O artigo 179 do RD 1098/2001, apartado 3, sinala "... A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo co párrafo b) do artigo 176 do RXLCAP, "realizarase mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual donde figure o prezo concertado".
A vista do anterior, e tendo en conta o establecido no artigo 120 da LCSP, o artigo 322.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Admón. Local de Galicia, en relación co artigo 54.1 e concordantes do Regulamento orgánico da Deputación, infórmase favorablemente a aprobación do orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada-, que ascende a cantidade de 299.652,23€, dos cales 52.005,76€ corresponden ao IVE, e o aboamento á empresa adxudicataria das obras, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, conformada pola dirección técnica e, se achegue a conta xustificativa á Intervención desta entidade e en relación aos importes ás mercantís INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO, SL (9.274,65€ IVE incluído) e CIMARQ SL (7.495,95€ IVE incluído) polos traballos de estudo xeotécnico do terreo e do cálculo estrutural de pantalla de micropilotes, das ancoraxes e de outros elementos estruturais que se precisen, o abono dos traballos farase contra facturas emitidas en base aos orzamentos incluídos respectivamente.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito.

Polo anteriormente exposto, unha vez fiscalizado de conformidade, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada- da obra de emerxencia indicada, que ascende a cantidade de 299.652,23€, dos cales 52.005,76€ corresponden ao IVE.

2º.- Proceder ao aboamento á empresa adxudicataria das obras, XÉRMOLO SA, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, e sexa aprobada a conta xustificativa polo órgano competente.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	24/101

3º.- Proceder ao aboamento ás empresas INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO, SL (por importe total de 9.274,65€) e CIMARQ SL (por importe total de 7.495,95€) unha vez que polos contratistas se presenten as correspondentes facturas, polos traballos de realización do estudo xeotécnico do terreo e cálculo estrutural de pantalla de micropilotes, das ancoraxes e de outros elementos estruturais que se precisen, e sexan aprobadas polo órgano competente".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO DE OBRA.

Resolución do contrato da obra denominada A FONSAGRADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1901 "Fonsagrada (LU-530) – Navia (LU-722)", p.k. 6+430 a 9+537.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se conteñen os seguintes extremos:

"Constan como antecedentes inmediatos, ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo os seguintes feitos e documentos:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 27/02/2026 aprobouse o proxecto, expediente de contratación, procedemento, prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto correspondente a obra denominada A FONSAGRADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1901 "Fonsagrada (LU-530) – Navia (LU-722)", p.k. 6+430 a 9+537.

SEGUNDO.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 08/05/2026 acordouse adxudicar a obra a mercantil CHOLO SL nos seguintes termos:
A. Prezo de 297.427,07 €, dos cales 51.619,57€ corresponden ao IVE (21%).
B. Melloras de obra consistentes en 30 m cuneta triangular revestida, coas características indicadas no PCAP.
C. Aumento do prazo de garantía en 3 anos por enriba do obrigatorio.
D. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 100,00€ mais IVE.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	25/101

TERCEIRO.- Con data 11/05/2026 formalizouse o contrato en documento administrativo.

CUARTO.- A acta de comprobación do reformulo foi asinada con data 10/06/2026.

QUINTO.- O servizo de Vías e Obras emitiu informe-proposta, coa conformidade do contratista, con CSV: IV77QO76MFHSROXP6IFFK4ZRP4 no que conclúe: "(...)INICIAR el procedimiento de resolución del contrato administrativo de obras correspondientes al expediente 2026/CON_02/000013 («A FONSAGRADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1901 "Fonsagrada (LU-530) – Navia (LU-722)", p.k. 6+430 a 9+537»), adjudicado a la mercantil CHOLO SL, al amparo de la causa prevista en el artículo 211.1.c) de la Ley 9/2017 (LCSP), fundado en el mutuo acuerdo entre la Administración y el contratista y justificado en razones de interés público. (...)"

Resultan fundamentos xurídicos:

- A lei de contratos do sector público LCSP 9/2017, de 8 de novembro.
- O Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas 1098/2001
- Os pregos de cláusulas administrativos e demais documentos con forza obligacional incorporados ó expediente .

Considerando o anterior compre realizar as seguintes;

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PRIMEIRA.- Dentro das prerrogativas que ostenta a Administración, enumeradas no artigo 190 da LCSP atópase a de acordar a resolución dos contratos "Dentro de los límites y con sujeción a los requisitos y efectos señalados en la presente Ley, el órgano de contratación ostenta la prerrogativa de interpretar los contratos administrativos, resolver las dudas que ofrezca su cumplimiento, modificarlos por razones de interés público, declarar la responsabilidad imputable al contratista a raíz de la ejecución del contrato, suspender la ejecución del mismo, acordar su resolución y determinar los efectos de esta".

Igualmente, en relación ao exercicio das prorrogativas da Administración, entre as que se atopa a de acordar a Resolución do contrato, o artigo 191 da citada LCSP indica o procedemento de exercicio, sinalando "En los procedimientos que se instruyan para la adopción de acuerdos relativos a las prerrogativas establecidas en el artículo anterior, deberá darse audiencia al contratista".

Non obstante, o informe-proposta remitido polo Servizo de Vías e Obras consta asinado de conformidade polo contratista, non sendo necesario polo tanto o trámite de audiencia ao contratista, xa que consta a súa conformidade e renunciando a calquera reclamación de danos e prexuízos efectivamente sufridos debido á resolución, e non formulado oposición, polo que non é necesario solicitar Ditame ao órgano consultivo da CCAA.

SEGUNDA.- En canto ao procedemento, o artigo 212.1 da LCSP establece: "La resolución del contrato se acordará por el órgano de contratación, de oficio o a

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	26/101

instancia del contratista, en su caso, siguiendo el procedimiento que en las normas de desarrollo de esta Ley se establezca".
No mesmo sentido se manifesta o artigo 109 do RCAP 1098/2001 que establece o cumprimento dos requisitos no procedemento de Resolución de contratos:
"a) Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais, no caso de proposta de oficio.
b) Audiencia, no mesmo prazo anterior, do avalista ou asegurador si se propón a incautación da garantía.
c) Informe do Servizo Xurídico.
d) Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando se formule oposición por parte do contratista.
Todos os trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos considerararanse de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente".
Examinado o expediente e o "informe-proposta de Resolución" remitido polo Servizo de Vías e Obras, sometido ao presente informe, observase que se produce ou inicia de oficio segundo se acredita no informe indicado, constando a conformidade do contratista polo que se estima cumprimentado o requisito de audiencia ao contratista.
En relación coa audiencia do avalista, non procede ao non plantearse a incautación da garantía, así como non resulta preceptivo ditame do Consello Consultivo ao contar coa conformidade do contratista.
En canto a o Informe do Servizo Xurídico, coa emisión do presente informe considérase cumprimentado o devandito requisito.

TERCEIRA.- A proposta de Resolución fundaméntase en causa de resolución por mutuo acordo, regulada no artigo 211.1.c) da LCSP. En relación coa citada causa, o artigo 212.4 sinala "La resolución por mutuo acuerdo solo podrá tener lugar cuando no concurra otra causa de resolución que sea imputable al contratista, y siempre que razones de interés público hagan innecesaria o inconveniente la permanencia del contrato".
O interese público e na non concorrencia de outra causa, e nomeadamente a non concorrencia de causa imputable ao contratista constan xustificadas no informe do Servizo de Vías e Obras incorporado ao expediente.

CUARTA.- En canto aos efectos, regulados no artigo 213 da citada Lei, indicando nos casos de mutuo acordo que se estará ao acordado polas partes, sen indicar, como ocorre noutros casos, as indemnizacións que puideran proceder a favor das partes "Cuando la resolución se produzca por mutuo acuerdo, los derechos de las partes se acomodarán a lo válidamente pactado. (…)".
En todo caso, o apartado 5 do amentado artigo indica "el acuerdo de resolución contendrá pronunciamiento expreso acerca de la procedencia o no de la pérdida, devolución o cancelación de la garantía que, en su caso, hubiese sido constituida".

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	27/101

Neste caso procede a devolución da garantía ao non concorrer causa imputable ao contratista e ser iniciado de oficio coa conformidade do contratista.

QUINTA.- O artigo 246 da LCSP, indica "La resolución del contrato dará lugar a la comprobación, medición y liquidación de las obras realizadas con arreglo al proyecto (…)".
Neste caso, segundo os datos obrantes no expediente, e segundo se desprende do informe do servizo de vias e obras, non se iniciaron as obras, e polo tanto a execución de actividade algunha que requira operacións de liquidación, polo que non procede a liquidación ao non iniciarse as obras nin abonar certificación final de obra.

SEXTA.- De conformidade co artigo 212.8 da LCSP e coa disposición adicional décimo terceira da Lei 5/2015, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos no prazo máximo de un ano.

SÉTIMA.- Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.

CONCLUSIÓN

Tendo en conta os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo considérase que concorre a causa prevista no artigo 211.1.c) e que se seguiu o procedemento legalmente establecido para proceder á Resolución do contrato da obra denominada A FONSAGRADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1901 "Fonsagrada (LU-530) – Navia (LU-722)", p.k. 6+430 a 9+537 por mutuo acordo, informándose favorablemente e propoñendo a Xunta de Goberno, previa fiscalización, que adopte acordo nos seguintes termos:

1. Resolver por mutuo acordo o contrato administrativo da obra A FONSAGRADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1901 "Fonsagrada (LU-530) – Navia (LU-722)", p.k. 6+430 a 9+537 asinado coa mercantil CHOLO SL o 11/05/2026, sin que proceda tramitar expediente de liquidación nin abonar certificación final de obra algunha ao non iniciarse as obras.
2. Proceder á devolución da garantía definitiva depositada por CHOLO SL como contratista da referida obra por importe de 12.290,38€, que consta depositada con rexistro de 28/04/2026 en documento con número de operación 320260005925.
3. Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que este pon fin á vía administrativa, e cabe a interposición potestativa do recurso de reposición, sen prexuízo de que se así o estima oportuno poida proceder á directa impugnación dos mesmos ante a xurisdición contenciosa no Tribunal de Instancia de Lugo.
4. Dar traslado ó Servizo de Vías e obras, o Servizo de Contratación e Fomento, Tesouraría e a Intervención Provincial.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	28/101

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Resolver por mutuo acordo o contrato administrativo da obra A FONSAGRADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1901 "Fonsagrada (LU-530) – Navia (LU-722)", p.k. 6+430 a 9+537 asinado coa mercantil CHOLO SL o 11/05/2026, sin que proceda tramitar expediente de liquidación nin abonar certificación final de obra algunha ao non iniciarse as obras.

2º.- Proceder á devolución da garantía definitiva depositada por CHOLO SL como contratista da referida obra por importe de 12.290,38€, que consta depositada con rexistro de 28/04/2026 en documento con número de operación 320260005925.

3º.- Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que este pon fin á vía administrativa, e cabe a interposición potestativa do recurso de reposición, sen prexuízo de que se así o estima oportuno poida proceder á directa impugnación dos mesmos ante a xurisdición contenciosa no Tribunal de Instancia de Lugo.

4º.- Dar traslado ó Servizo de Vías e obras, o Servizo de Contratación e Fomento, Tesouraría e a Intervención Provincial".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2026.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de GUTIRIZ, solicitando reformado de memoria de investimentos incluídos no Plan Deputación 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de GUITIRIZ no que solicita o reformado de memoria de investimentos incluídos no PLAN DEPUTACIÓN 2026, infórmase o seguinte:

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	29/101

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 30/12/2025 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN DEPUTACIÓN 2026. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2026.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O PLAN DEPUTACIÓN 2026 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 31/03/2026, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
GUITIRIZ	108	SUBMINISTRO DE BOMBAS ETAP E EDAR DE GUITIRIZ E PARGA	--	21.752,67€	21.752,67€

4. O concello indicado NON achegou os correspondentes anexos III ou IV.
5. A Alcaldía do Concello de GUITIRIZ a través de escrito con RE nº 2026RT019867 de data 22/10/2026 solicita:
a) O reformado da memoria do investimento incluído inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2026, concretamente o investimento nº 108, aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica "....Vistas as necesidades actuais, dado o paso do tempo e as novas incidencias..". polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
GUITIRIZ	108	MODIFICADO SUBMINISTRO DE BOMBAS ETAP E EDAR DE GUITIRIZ E PARGA	--	21.752,67€	21.752,67€

6. A base 14, indica que "Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados, o Concello non puidera contratar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente, poderá solicitar o reformado do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases.
Se o que se produce é o reformado do proxecto do investimento incluído no Plan Deputación 2026, o Concello remitirá o proxecto reformado a esta Deputación, xunto con informe que indique o motivo do reformado, e o financiamento do mesmo. Dito proxecto reformado someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, tomando razón do devandito reformado.
No caso de substitución do investimento, esta será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto, xunto con informe que indique o motivo da substitución e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.
En ambos casos, de supoñer un incremento de orzamento do inicialmente previsto como achega da Deputación, este incremento correrá a cargo do Concello, salvo que se dispoña de remanentes, dentro da mesma finalidade, en cuxo caso poderán ser utilizados para elo, coas limitacións indicadas no apartado de remanentes".
7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	30/101

e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.
O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.
8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2026, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de GUITIRIZ que se sinala, quedando incluído no PLAN DEPUTACIÓN 2026.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de GUITIRIZ, e en consecuencia, aprobar o reformado de memoria do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2026 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
GUITIRIZ	108	MODIFICADO SUBMINISTRO DE BOMBAS ETAP E EDAR DE GUITIRIZ E PARGA	--	21.752,67€	21.752,67€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	31/101

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

1º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Mellora das infraestruturas no parque empresarial de Guitiriz (rev.02 feb/25) e honorarios técnicos" e "Melloras na rede de saneamento de Guitiriz: reparación de filtracións en pozos das rúas Vista Alegre, Perexil e Portopulgo e actuacións na EDAR de Guitiriz e honorarios técnicos" no Concello de Guitiriz, ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE GUITIRIZ (REV.02 FEB/25) E HONORARIOS TÉCNICOS" E "MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO DE GUITIRIZ: REPARACIÓN DE FILTRACIÓNS EN POZOS DAS RÚAS VISTA ALEGRE, PEREXIL E PORTOPULGO E ACTUACIÓNS NA EDAR DE GUITIRIZ E HONORARIOS TÉCNICOS" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/018807) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 3 de outbro de 2025, aprobar a seguinte proposta:
"PRIMEIRO .Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE GUITIRIZ (REV.02 FEB/25) E HONORARIOS TÉCNICOS" E "MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO DE GUITIRIZ: REPARACIÓN DE FILTRACIÓNS EN POZOS DAS RÚAS VISTA ALEGRE, PEREXIL E PORTOPULGO E ACTUACIÓNS NA EDAR DE GUITIRIZ E HONORARIOS TÉCNICOS" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025 por importe total de 208.049,75 € cuxo contido é o seguinte: (...)

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	32/101

SEGUNDO A aprobación do gasto, por importe de 52.165,25 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

SEGUNDO: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "mellora das infraestruturas no parque empresarial de Guitiriz (rev.02 feb/25) e honorarios técnicos" e "melloras na rede de saneamento de Guitiriz: reparación de filtracións en pozos das rúas Vista Alegre, Perexil e Portopulgo e actuacións na EDAR de Guitiriz e honorarios técnicos" no concello de Guitiriz, ano 2025 formalizouse o 8 de outubro de 2025.

TERCEIRO: Dende o concello de Guitiriz remitiuse, o 2 de outubro de 2026, escrito no que se solicita modificar a cláusula cuarta do convenio para incorporar a posibilidade de que en caso de producirse baixas na licitación ou na execución se reduza a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
Polo que a Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 16 de outubro de 2026, aprobar a modificación do convenio para autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

CUARTO: A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "mellora das infraestruturas no parque empresarial de Guitiriz (rev.02 feb/25) e honorarios técnicos" e "melloras na rede de saneamento de Guitiriz: reparación de filtracións en pozos das rúas Vista Alegre, Perexil e Portopulgo e actuacións na EDAR de Guitiriz e honorarios técnicos" no concello de Guitiriz, ano 2025 formalizouse o 21 de outubro de 2026.

QUINTO: Dende o concello de Guitiriz remitiuse, o 21 de outubro de 2026, escrito no que se solicita
"Que se modifique dito convenio aplicando os remanentes á certificación final da seguinte obra: "Mantenimiento y mejora de accesos en Carballedo, Navallo, Iglesia y cementerio de San Breixo, Toar, Porucelo, Casas Novas, Codesal, Lamela, Rúa dos Vales, Rúa da Liberdade, Casamuiño, Ribeira, As Toxeiras, Xove Novo, Tarrelo, Pena Fachada, Os Ares y Pardiñas" que supón un custo total de 16.566,26€, dos cales a

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	33/101

Deputación aportaría os remanentes xerados neste convenio que suman unha cantidade de 10.749,03€
(...)
Tamén se solicita que tratándose de novas actuacións para aplicar remanentes xerados se amplíe o prazo de execución e xustificación ata o 30 de novembro de 2026".

SEXTO: Por resolución presidencial, de data 10 de setembro de 2026, aprobouse a seguinte proposta:
"PRIMEIRO: Aprobar a conta xustificativa da actuación "mellora das infraestruturas no parque empresarial de Guitiriz (rev.02 feb/25) e honorarios técnicos" enmarcada dentro do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "mellora das infraestruturas no parque empresarial de Guitiriz (rev.02 feb/25) e honorarios técnicos" e "melloras na rede de saneamento de Guitiriz: reparación de filtracións en pozos das rúas Vista Alegre, Perexil e Portopulgo e actuacións na EDAR de Guitiriz e honorarios técnicos" por importe total de 127.700,80€

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO
32.019,00 €	9.869,24 €	85.812,56 €

SEGUNDO: Aboar ao concello de Guitiriz do importe de 32.019,00 €

TERCEIRO: Determinar que quedan por xustificar as seguintes actuacións:

Actuacións
Melloras na rede de saneamento de Guitiriz: reparación de filtracións en pozos das rúas Vista Alegre, Perexil e Portopulgo e actuacións na EDAR de Guitiriz e honorarios técnicos (de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)

ACHEGA DEPUTACIÓN
20.146,25 €"

SÉTIMO: Dende o concello de Guitiriz remitiuse, o 15 de outubro de 2026, a conta xustificativa da actuación "Melloras na rede de saneamento de Guitiriz: reparación de filtracións en pozos das rúas Vista Alegre, Perexil e Portopulgo e actuacións na EDAR de Guitiriz e honorarios técnicos (de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)" donde se establece que o custo da actuación ascendeu a 54.397,22 € (dos que a Deputación de Lugo aporta 9.397,22 € e o concello aporta 45.000,00 € a traves doutras fontes de financiamento).

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	34/101

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA: No convenio de referencia establécese o seguinte:
- Na cláusula PRIMEIRA.- Obxecto
"Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

Actuacións	CUSTE TOTAL
Mellora das infraestruturas no parque empresarial de Guitiriz (rev.02 feb/25) e honorarios técnicos (de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	153.599,75€
Melloras na rede de saneamento de Guitiriz: reparación de filtracións en pozos das rúas Vista Alegre, Perexil e Portopulgo e actuacións na EDAR de Guitiriz e honorarios técnicos (de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	54.450,00 €
CUSTE TOTAL	208.049,75 €

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas e pagadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO
52.165,25 €	0,00 €	155.884,50 €
TOTAL: 208.049,75 €		

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida".
- Na cláusula CUARTA.- Obrigas e compromisos das partes.
"4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
Non obstante ditas baixas, no suposto de obras, poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.
4.2. O Concello de Guitiriz:

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	35/101

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Guitiriz, comprométese ao seguinte:
1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3.O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de setembro de 2026
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
11. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras)".
-Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".
- Na cláusula OITAVA.- Modificación
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".

SEGUNDA: En canto ao órgano competente para aprobar a segunda addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	36/101

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

1º. o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
2º. media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)
3º. E non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,
4º. O importe dos remanentes ascende a 10.749,03 €

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación solicitada dende o concello de Guitiriz nos termos da segunda addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia".

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar o borrador da segunda addenda de modificación do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE GUITIRIZ (REV.02 FEB/25) E HONORARIOS TÉCNICOS" E "MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO DE GUITIRIZ: REPARACIÓN DE FILTRACIÓNS EN POZOS DAS RÚAS VISTA ALEGRE, PEREXIL E PORTOPULGO E ACTUACIÓNS NA EDAR DE GUITIRIZ E HONORARIOS TÉCNICOS" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025 con IV77SWBIMBJMTPG245MNP5HOJ4".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da cuarta modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións "Mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente" no Concello de Antas de Ulla, ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	37/101

“ASUNTO: INFORME
CUARTA MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE ANTAS DE ULLA PARA FINANCIAR GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE” NO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA, ANO 2025.

En relación ao asunto de referencia (Expte. 2026/XEN_01/003933) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 27 de xuño de 2025, acordou, por unanimidade dos seus asistentes, aprobar a seguinte proposta:
“PRIMEIRO. Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE ANTAS DE ULLA PARA FINANCIAR GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE” NO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA, ANO 2025 por importe total de 579.983,59 € (dos que 500.000,00 serán financiados pola Deputación de Lugo e 79.983,59 € serán financiados polo concello de Antas de Ulla) cuxo contido é o seguinte: (...).
SEGUNDO. A aprobación do gasto, por importe de 500.000,00 € (198.803,25 € para sufragar gastos da Liña 1 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 301.196,75 € para sufragar gastos da Liña 2 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200€ do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025) para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

SEGUNDO: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións “mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” no concello de Antas de Ulla, ano 2025, formalizouse o 1 de xullo de 2025.

TERCEIRO: A Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla achegou escrito no que literalmente se solicita o seguinte:
“(...)
EXPÓN:
Que na relación de actuacións incluídas na Liña 2 – Gasto Corrente do citado convenio figura o gasto corrente nº 13 relativo á “Reparación do quiosco das piscinas municipais”, cun importe de 6.000,00 €, así como o gasto corrente nº 14, cun importe de 43.650,05€.
Que, por razóns de xestión e execución do gasto, resulta necesario proceder a unha reordenación interna das actuacións de gasto corrente, sen que isto supoña incremento do importe total subvencionado nin alteración do obxecto do convenio.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	38/101

SOLICITA:
Que se autorice a modificación do gasto corrente nº 13 relativo a "Reparación do quiosco das piscinas municipais", de xeito que desapareza como actuación independente, integrándose o seu importe de 6.000,00 € no gasto corrente nº 14, que pasará a contar cun importe total incrementado en 6.000,00 €, mantendo o resto das condicións establecidas no convenio.
Esta modificación non supón variación do importe total da Liña 2 nin do custo total do convenio, limitándose a unha redistribución interna do gasto corrente".
Polo que a Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 30 de xaneiro de 2026, aprobar a modificación do convenio para incorporar os cambios solicitados dende o concello.

CUARTO: A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións "mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente" no concello de Antas de Ulla, ano 2025, formalizouse o 3 de febreiro de 2026.

QUINTO: A Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla achegou escrito, o 4 de agosto de 2026, no que literalmente se recolle o seguinte:
"(...)
EXPÓN:
Que na relación de actuacións incluídas na Liña 1 – Investimentos do citado convenio figura a actuación nº 11, relativa á "Rehabilitación da antiga casa escola de Santa Cristina de Areas", cun importe de 97.600,00 €.
Que o Concello de Antas de Ulla executou o "Proxecto de investimento para a posta en funcionamento de novas aulas de lectura públicas municipais na antiga Casa do Conserxe", redactado pola arquitecta María Alba López Barreiro, adxudicado mediante contrato menor de obras por Resolución de Alcaldía, por un importe de 48.338,60 €.
Que esta actuación conta cunha subvención parcial da Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, por importe de 20.000,00 €, concedida por Resolución do 28 de xullo de 2025 (expediente 2025-00000104-00, procedemento CT211B), resultando necesario completar o seu financiamento cos recursos xa comprometidos ao abeiro do convenio de cooperación coa Deputación de Lugo.
Que, por razóns de xestión e execución do gasto, resulta necesario destinar parte do importe da actuación nº 11, concretamente 20.720,00 €, ao financiamento do citado proxecto de posta en funcionamento de novas aulas de lectura públicas municipais na antiga Casa do Conserxe, quedando o seu financiamento total do seguinte xeito:
- Subvención da Xunta de Galicia: 20.000,00 €
- Achega con cargo ao convenio coa Deputación de Lugo: 20.720,00 €
- Achega do Concello de Antas de Ulla con fondos propios: 7.618,60 €

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	39/101

TOTAL: 48.338,60 €
Que a diferenza necesaria para completar o custo total do proxecto, unha vez descontadas a subvención da Xunta de Galicia e a achega con cargo ao convenio, será asumida polo Concello de Antas de Ulla con fondos propios, sen que isto supoña incremento ningún do importe total da Liña 1 nin do custo total do convenio.
Que esta reordenación non supón incremento do importe total subvencionado nin alteración do obxecto do convenio, senón unha redistribución interna das actuacións incluídas na Liña 1 – Investimentos, ao abeiro do disposto na cláusula OITAVA do convenio e no artigo 49.g) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
SOLICITA:
Que se autorice a modificación da actuación de investimento nº 11 "Rehabilitación da antiga casa escola de Santa Cristina de Areas", reducindo o seu importe en 20.720,00 €, quedando fixado en 76.880,00 €, e que se incorpore á Liña 1 – Investimentos do convenio, con cargo a este importe de 20.720,00 €, a seguinte nova actuación:
"Proxecto de investimento para a posta en funcionamento de novas aulas de lectura públicas municipais na antiga Casa do Conserxe": 20.720,00 € (con cargo ao convenio), sobre un custo total de 48.338,60 €, cofinanciado ademais cunha subvención da Xunta de Galicia de 20.000,00 € e cunha achega do Concello de Antas de Ulla, con fondos propios, de 7.618,60 € mantendo o resto das condicións establecidas no convenio.
(...)".
Polo que a Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 14 de agosto de 2026, aprobar a segunda modificación do convenio para incorporar os cambios solicitados dende o concello.

SEXTO: A segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións "mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente" no concello de Antas de Ulla, ano 2025, formalizouse o 18 de agosto de 2026.

SÉTIMO: A Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla achegou escrito, o 27 de agosto de 2026, no que literalmente se recolle o seguinte:
"(...)
QUINTO.- Que, no mesmo sentido, a cláusula quinta, apartado C), do Convenio admite expresamente a ampliación motivada dos prazos de xustificación por causas excepcionais non imputables ao Concello, o que evidencia que a vontade das partes asinantes, dende a propia subscrición do Convenio, foi a de permitir axustes nos prazos de execución e xustificación cando concorran circunstancias como as sinaladas.

SEXTO.- Que a data límite fixada na cláusula sétima do Convenio para a aprobación da conta xustificativa (31 de decembro de 2026), así como a data límite de vixencia do propio Convenio (31 de xaneiro de 2027), permiten acomodar sen dificultade a

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	40/101

ampliación que se solicita, sen que iso supoña sobrepasar o límite temporal do artigo 49.h) da Lei 40/2015 nin causar prexuízo a dereitos de terceiros.
SOLICITA Que se teña por presentada esta solicitude e que, logo dos trámites que legal e regulamentariamente procedan, se acorde a modificación do Convenio, mediante a subscrición da oportuna addenda, no seguinte sentido:
a) Ampliar o prazo de execución das actuacións da Liña 1 (Investimentos), establecido na cláusula 4.2, punto 5, do Convenio, desde o 30 de setembro de 2026 até o 30 de novembro de 2026.
b) Ampliar o prazo para a presentación da conta xustificativa dos gastos da Liña 1, establecido na cláusula quinta, apartado C), do Convenio, desde o 31 de outubro de 2026 até o 30 de novembro de 2026 (...)".
Polo que a Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 4 de setembro de 2026, aprobar a terceira modificación do convenio para incorporar os cambios solicitados dende o concello.

OITAVO: A terceira addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións "mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente" no concello de Antas de Ulla, ano 2025, formalizouse o 9 de setembro de 2026.

NOVENO: A Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla achegou escrito, o 28 de outubro de 2026, no que literalmente se recolle o seguinte:
"EXPÓN
PRIMEIRO. Na actualidade as achegas son as seguintes:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 500.000,00 € (198.803,25 € para sufragar gastos da Liña 1 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 301.196,75 € para sufragar gastos da Liña 2 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200€ do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025) para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.-Achega do Concello:
O Concello de Antas de Ulla aportará 128.332,20 € (128.324,45 € para sufragar gastos da Liña 1 e 7,75 € para sufragar gastos da Liña 2) para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
SEGUNDO. Que entre as actuacións da Liña 1 – Investimentos figura a actuación nº 11, "Rehabilitación da antiga casa escola de Santa Cristina de Areas", cun custo total de 97.600,00€, importe que se mantén sen variación.
TERCEIRO. Que o plan de financiamento inicialmente previsto para esta actuación contemplaba, ademais dos recursos comprometidos no convenio, unha axuda pública procedente do Grupo de Desenvolvemento Rural Miño Ulla, no marco da Estratexia de

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	41/101

Desenvolvemento Local LEADER do período 2023-2027, xestionada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) da Xunta de Galicia e cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), de modo que o custo da actuación quedaba financiado do seguinte xeito:
– Subvención do GDR Miño Ulla: 29.280,00 €.
– Achega con cargo ao convenio coa Deputación Provincial de Lugo: 68.320,00 €.
CUARTO. Que, mediante a solicitude de modificación presentada por este Concello con data 4 de agosto de 2026, redistribuíronse 20.720,00 € da achega prevista para a actuación nº 11 á nova actuación "Proxecto de investimento para a posta en funcionamento de novas aulas de lectura públicas municipais na antiga Casa do Conserxe", sen incremento do importe total da Liña 1 nin do custo total do convenio. En consecuencia, a contía con cargo ao convenio destinada á actuación nº 11 quedou reducida a 47.600,00 € (68.320,00 € – 20.720,00€).
QUINTO. Que, finalmente, a citada axuda do GDR Miño Ulla, por importe de 29.280,00 €, non vai ser percibida polo Concello. Ao desaparecer esta fonte de financiamento externa, a única financiación coa que conta actualmente a actuación nº 11 son os 47.600,00 € con cargo ao convenio, polo que quedan 50.000,00 € do seu custo sen cobertura (97.600,00 € – 47.600,00 €), contía que se corresponde cos 29.280,00 € da subvención non percibida e cos 20.720,00 € redistribuídos en agosto.
O financiamento da actuación nº 11 evolucionou, polo tanto, do seguinte xeito:

Financiamento da actuación nº 11	Inicial	Tras mod. 04/08/2026	Proposto
Subvención GDR Miño Ulla (LEADER)	29.280,00 €	29.280,00 €	0,00 €
Con cargo ao convenio (Deputación de Lugo)	68.320,00 €	47.600,00 €	97.600,00 €
Total financiamento previsto	97.600,00 €	76.880,00 €	97.600,00 €

SEXTO. Que a necesidade de financiamento adicional non deriva de baixas na licitación nin de excesos de medición na execución (supostos previstos na cláusula cuarta, apartado 4.1.2, do convenio), nin dun incremento do custo nin dunha alteración do contido da actuación, que mantén o seu obxecto, denominación, emprazamento, finalidade e custo total de 97.600,00 €, senón exclusivamente da falta sobrevida dunha fonte de financiamento externa coa que se contaba para completar o seu custo.
SÉTIMO. Que o Concello de Antas de Ulla, dada a súa reducida capacidade económica e de xestión, non pode asumir con recursos propios o importe que queda sen financiamento, polo solicita que a contía non financiada, cifrada en 50.000,00 €, sexa asumida pola Deputación Provincial de Lugo, en exercicio da súa competencia propia de asistencia e cooperación económica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión (artigos 36.1.b) e 36.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril; artigo 30 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e artigos 109 e 114 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
OITAVO. Que a modificación solicitada ten encaixe no convenio e na normativa aplicable, por canto, a ampliación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo cos

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	42/101

artigos 48.5 da Lei 40/2015 e 173.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
NOVENO. Que o Concello solicita que en caso de producirse baixas, na licitación ou na execución, se reduza a achega comprometida polo concello ou, previa solicitude do concello, se autorice a aplicación dos remanentes na licitación ou execución doutra actuación que deberá ter a mesma finalidade.
Por todo o exposto,
SOLICITA
Primeiro. Ampliar a achega da Deputación Provincial de Lugo na Liña 1 – Investimentos en 50.000,00 €, para financiar a actuación nº 11, "Rehabilitación da antiga casa escola de Santa Cristina de Areas", que pasaría a contar con 97.600,00 € con cargo ao convenio, equivalente á totalidade do seu custo, quedando a achega provincial total fixada en 550.000,00 € (248.803,25€ para a Liña 1 e 301.196,75 € para a Liña 2) e o custo total do convenio en 628.332,20 €.
Segundo. Que se a achega do Concello de Antas de Ulla quede en 78.332,20 € (dos que 7,75 € son para financiar gastos de Liña 2).
Terceiro. En caso de producirse baixas, na licitación ou na execución, reducir a achega comprometida polo concello ou, previa solicitude do concello, autorizar a aplicación dos remanentes na licitación ou execución doutra actuación que deberá ter a mesma finalidade".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

PRIMEIRA.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
- Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".
- Na cláusula OITAVA.- Modificación
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	43/101

SEGUNDA: En canto ao órgano competente para aprobar a cuarta addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e tendo en conta que:
- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
- media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)
- que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros
- e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a cuarta modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións "mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente" no concello de Antas de Ulla, ano 2025, formalizado o 1 de xullo de 2025 e modificada o 3 de febreiro de 2026, o 18 de agosto de 2026 e o 9 de setembro de 2026, nos termos da cuarta addenda incorporada ao expediente, para incorporar o solicitado pola alcaldesa do concello".

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar o texto da cuarta modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións "mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente" no concello de Antas de Ulla, ano 2025, con CSV IV77SUBDJUN73P6JYQXGCLXPN4

2º.- A aprobación do gasto, por importe de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Conformación das rotondas rebasables establecidas no estudo de mobilidade do casco urbano de Vilalba" no Concello de Vilalba, ano 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	44/101

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE
CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE VILALBA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "CONFORMACIÓN DAS ROTONDAS REBASABLES ESTABLECIDAS NO ESTUDO DE MOBILIDADE DO CASCO URBANO DE VILALBA" NO CONCELLO DE VILALBA, ANO 2026

En relación ao asunto de referencia (2026/PES_03/019389) dende a Sección de fomento do servizo de contratación e fomento emítese o seguinte informe:

ANTECEDENTES DE FEITO

Dende o Concello de Vilalba se solicita a formalización dun convenio para cooperar no financiamento dos gasto derivados da execución da actuación "CONFORMACIÓN DAS ROTONDAS REBASABLES ESTABLECIDAS NO ESTUDO DE MOBILIDADE DO CASCO URBANO DE VILALBA" NO CONCELLO DE VILALBA, ANO 2026 por importe total de 332.671,88 € (que serán financiados pola Deputación de Lugo)
CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

- LEXISLACIÓN DE RÉXIME LOCAL

PRIMEIRA.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

SEGUNDA: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	45/101

circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

TERCEIRA: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

CUARTA.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

-NORMATIVA COMÚN SOBRE O RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO

PRIMEIRA: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	46/101

relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

SEGUNDA.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".

TERCEIRA.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	47/101

da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

CUARTA.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
-Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
-A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
-O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
-Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
-Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
-Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
-Réxime de modificación do convenio.
-Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
1.Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2.En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

QUINTA.-Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"

SEXTA: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	48/101

CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto:

PRIMEIRA. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

SEGUNDA. O Municipio de Vilalba, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

TERCEIRA. A documentación que consta no expediente correspóndese coa documentación -modelos normalizados- aprobada por acordo de Xunta de Goberno de data 30 de xaneiro de 2026 (de tramitación de convenios interadministrativos con concellos) e modificada o 20 de marzo de 2026 (cuxo convenio tipo aprobado recolle a posibilidade de solicitar un anticipo de ata o 80 % do importe a financiar pola Deputación)

CUARTA: Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

QUINTA.- Consta informe de consignación orzamentaria de Intervención, por importe de 332.671,88€ na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

SEXTA: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público".

E tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE VILALBA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "CONFORMACIÓN DAS ROTONDAS REBASABLES ESTABLECIDAS NO ESTUDO DE

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	49/101

MOBILIDADE DO CASCO URBANO DE VILALBA" NO CONCELLO DE VILALBA, ANO 2026 con csv IV77SUA2DMEZVOB5TRXV6LQCGU.

2º.- A aprobación do gasto, por importe de 332.671,88€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba co obxecto de colaborar no financiamento da execución da actuación "Rexeneración de accesos ós núcleos de Cabanamille (Parroquia de Belesar) e ver (Parroquia de Goiriz" no Concello de Vilalba, ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"ASUNTO: INFORME

MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE VILALBA CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "REXENERACIÓN DE ACCESOS ÓS NÚCLEOS DE CABANAMILLE (PARROQUIA DE BELESAR) E VER (PARROQUIA DE GOIRIZ" NO CONCELLO DE VILALBA, ANO 2025.

En relación ao asunto de referencia (Expte. 2026/PES_03/017868) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 21 de novembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:
"Primeiro .Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE VILALBA CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "REXENERACIÓN DE ACCESOS ÓS NÚCLEOS DE CABANAMILLE (PARROQUIA DE BELESAR) E VER (PARROQUIA DE GOIRIZ" NO CONCELLO DE VILALBA, ANO 2025 por importe total de 58.680,00 € (que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (…)
Segundo A aprobación do gasto, por importe de 58.680,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	50/101

SEGUNDO: O convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Vilalba co obxecto de colaborar no financiamento da execución da actuación "rexeneración de accesos ós núcleos de Cabanamille (parroquia de Belesar) e Ver (parroquia de Goiriz" no concello de Vilalba, ano 2025 formalizouse o 5 de decembro de 2025.

TERCEIRO: Dende o concello de Vilalba remitiuse Decreto de data 28 de outubro de 2026 no que literalmente se establece o seguinte:
"(...)
TERCEIRO. Mediante oficio da Alcaldía asinado o 21 de setembro de 2026 (CSV46743797F3W6KR4GQ5JN6QC43), acompañado da Memoria de Actuacións – Anexo I(CSV 5EG5FQ5P76WZTSCMDC6K2KASG), do certificado de dispoñibilidade e titularidade dos terreos e dos proxectos modificados, este Concello solicitou á Deputación a modificación do convenio. A documentación foi presentada no rexistro da Deputación Provincial de Lugo o 21 de setembro de 2026, ás 14:52:23 horas, co número de rexistro 2026RT018085, isto é, antes do vencemento do prazo de execución previsto no convenio.
Na solicitude motívase a modificación no incremento dos custos das materias primas no ano 2026, nos danos ocasionados no viario por precipitacións e traballos forestais e na ampliación do ámbito de actuación do vial de Ver (Goiriz) á totalidade do tramo municipal, e propúxose a nova redacción das cláusulas primeira, cuarta (4.2.5), quinta (apartados A.1 e C) e sétima.

CUARTO. Segundo a Memoria de Actuacións (Anexo I), o orzamento actualizado das actuacións é o seguinte: Actuación	Orzamento base de licitación(IVE incluído)
Rexeneración do acceso a Ver (Goiriz) dende a N-634. Proxecto modificado de agosto de 2026, redactado por don Alberto Flores Aguiar (ICCP), en trámite de aprobación municipal na data da solicitude, previsto para tratar no pleno extraordinario do 2 de novembro.	36.800,00 €
Rexeneración de accesos ó núcleo de Cabanamille – Belesar. Proxecto modificado de xullo de 2026, redactado por don Alberto Flores Aguiar(ICCP), aprobado polo Pleno en sesión do 06/08/2026 (expediente 58/2026)	102.997,05€
TOTAL	139.797,05€

CUARTO. Á vista da distinta situación de cada unha das actuacións, esta Alcaldía considera procedente completar a solicitude rexistrada co número 2026RT018085 cunha distribución do financiamento e dos prazos por actuacións e anualidades: a actuación de Ver imputaríase aos créditos orzamentarios da Deputación do ano 2025 e xustificaríase no ano2026; e a actuación de Cabanamille imputaríase aos créditos orzamentarios da Deputación do ano 2026 e xustificaríase no ano 2027.
(...)

RESOLUCIÓN

En virtude do exposto, e no exercicio das atribucións que me confire a lexislación vixente, procede resolver:

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	51/101

PRIMEIRO. Instar á Deputación Provincial de Lugo a modificación, mediante addenda conforme á cláusula oitava, do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba co obxecto de colaborar no financiamento da execución da actuación "Rexeneración de accesos ós núcleos de Cabanamille (parroquia de Belesar) e Ver (parroquia de Goiriz)", subscrito o 5 de decembro de 2025. A modificación farase nos termos da solicitude rexistrada o 21 de setembro de 2026 co número 2026RT018085 e da Memoria de Actuacións (Anexo I) que a acompaña, coa seguinte particularidade engadida:
Distribución por actuacións e anualidades
a) A actuación «Rexeneración do acceso a Ver (Goiriz) dende a N-634», por importe de36.800,00 €, financiarase con cargo aos créditos orzamentarios da Deputación Provincial de Lugo do ano 2025 e o Concello xustificaraa no ano 2026.
b) A actuación «Rexeneración de accesos ó núcleo de Cabanamille – Belesar», por importe de 102.997,05 €, financiarase con cargo aos créditos orzamentarios da Deputación Provincial de Lugo do ano 2026 e o Concello xustificaraa no ano 2027.
(...)"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

PRIMEIRA.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
- Na cláusula PRIMEIRA.- Obxecto
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
"REXENERACIÓN DE ACCESOS ÓS NÚCLEOS DE CABANAMILLE (PARROQUIA DE BELESAR) E VER (PARROQUIA DE GOIRIZ"	58.680,00 €

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
58.680,00 €	0,00 €
TOTAL: 58.680,00 €	

(...)".
- Na cláusula QUINTA.- Réxime económico.
"A) ACHEGAS:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 58.680,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.-Achega do Concello:
O Concello de Vilalba financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio..

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	52/101

(...)"
- Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".
- Na cláusula OITAVA.- Modificación
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".

SEGUNDA: Consta informe favorable de intervención sobre a existencia de crédito por importe de 102.997,05€ na á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo

TERCEIRA: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, tendo en conta que:
-o convenio estea vixente,
-prevese a modificación do mesmo,
- se acredita a concorrencia de interese común
e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial
dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a modificación do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Vilalba co obxecto de colaborar no financiamento da execución da actuación "rexeneración de accesos ós núcleos de Cabanamille (parroquia de Belesar) e Ver (parroquia de Goiriz" no concello de Vilalba, ano 2025 formalizado o 5 de decembro de 2025. nos termos da addenda incorporada ao expediente, para incorporar o solicitado pola alcaldesa do concello".

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	53/101

1º.- Aprobar o texto da addenda de modificación do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Vilalba co obxecto de colaborar no financiamento da execución da actuación "rexeneración de accesos ós núcleos de Cabanamille (parroquia de Belesar) e Ver (parroquia de Goiriz" no concello de Vilalba, ano 2025 formalizado o 5 de decembro de 2025 con CSV IV77S3QCIBR2LOE4U4MU542OIY.

2º.- A aprobación do gasto, por importe de 102.997,05€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2026 do obxecto deste convenio".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5º.- Proposta relativa a concesión dunha subvención excepcional a favor da entidade Dezasete Grados S.L. co obxeto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto "Festival 17º Ribeira Sacra", na anualidade 2026.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Resultando que no expediente relativo á concesión dunha subvención directa de carácter excepcional a favor da entidade Dezasete Grados S.L.. co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado "Festival 17º Ribeira Sacra" durante a anualidade 2026, polo importe 30.000,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe emitido pola Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.
2. Existencia de convenio canalizador da concesión, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que instrumenta a subvención antes mencionada.
3. Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2026.
4. Informe da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención
5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2026.
6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	54/101

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2024 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da liña 3,1-) "Turismo" apartado c), titulada "Actuacións específicas" da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do P.E.S. da Deputación de Lugo 2026-2028, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno de 23 de xaneiro de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 30.000,00€, a favor da entidade Dezasete Grados S.L., para sufragar os gastos derivados da actuación denominada "Festival 17º Ribeira Sacra", na anualidade 2026, subvención incluída na Liña 3,1-) "Turismo" apartado c), titulada "Outras actuacións específicas" da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do PES da Deputación de Lugo 2026-2028, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno de 23 de xaneiro de 2026.

2º.- Aprobar o gasto de 30.000,00€con cargo a aplicación orzamentaria 4320.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026 a favor da entidade Dezasete Grados S.L., para sufragar gastos derivados da actuación denominada "Festival 17º Ribeira Sacra".

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo) e que se adecúa ao convenio tipo aprobado por esta Deputación, co seguinte teor:

"CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A FAVOR DA ENTIDADE DEZASETE GRADOS S.L., CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "FESTIVAL 17º RIBEIRA SACRA" NA ANUALIDADE 2026 (APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA_____)

En Lugo a_____

INTERVEÑEN

Dunha parte, María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I, actuando en nome e representación da citada entidade,

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	55/101

según dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E de outra parte, Carlos Montilla Cortizo, na súa condición de Representante, do beneficiario, Dezasete Grados S.L., con NIF B94173853, actuando en nome e representación do citado beneficiario.

Actúa José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

MANIFESTAN

Primeiro: Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028, aprobado por acordo da Xunta de Goberno o 23 de xaneiro de 2026, así como no ANEXO I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026, aprobado por ese mesmo órgano o 23 de xaneiro de 2026, prevese na Liña 3.1, c), da Área funcional de Turismo,a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para promover a imaxe turística da provincia de cara ao exterior, entendendo que a iniciativa privada poderá colaborar na súa promoción turística. Dentro desta mesma liña, previse, entre outros, os obxectivos específicos de "1) Apoiar aquelas iniciativas, accións, programas e eventos que promovan a imaxe da provincia de Lugo e o seu potencial turístico cara ao exterior".

Segundo: Que por acordo da Xunta de Goberno, de data_____de _____ de 2026 , aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional outorgada, por importe de 30.000,00€, a favor do beneficiario,Dezasete Grados S.L. co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Festival 17º Ribeira Sacra", na anualidade do 2026.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4320.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 30.000,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.

Cuarto: O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	56/101

decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.
Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto do convenio.
O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación "Festival 17º Ribeira Sacra", na anualidade 2026. Esta actuación consiste na financiación dunha parte da actividade artística, técnica, loxística, e de comunicación do Festival.

Segunda.-Orzamento de execución da actuación subvencionada.
O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 307.570,45€.
A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial.
Non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.
Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.
Da Deputación:
- Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 30.000,00€, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada polo propio beneficiario.
- O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actuación subvencionada.
- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente a achega económica da Deputación provincial.
- A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actuación subvencionada.
Do Beneficiario:

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	57/101

- Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.
Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
- Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
- Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.
- Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.
- Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada.
- Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
- Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.
A realización da actuación subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións.
O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.
En ningún caso poderán subcontratarse actuacións que, aumentando o custe da actuación subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.
No caso de que a actuación concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:
- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.
Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.
Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.
O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.
O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actuación subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:
1) Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	58/101

2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actuación obxecto de contratación.
3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4) Que estean vinculadas co beneficiario.
5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.
No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:
a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada.
A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.
De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actuación ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.
O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.
O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actuacións (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actuacións deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	59/101

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.
Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.
O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2027.
Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.
Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.
Gastos subvencionables.
Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2026.
Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.
O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.
Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actuación subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.
De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actuacións e actuacións que inclúan - tácita ou implicitamente -contidos ou publicidade sexista e

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	60/101

que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.
Calquera actuación, consecuencia da actuación subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.
Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.
A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada (os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electronicamente polos suxeitos relacionados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas):
• ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actuacións realizadas, o custo total e os resultados obtidos.
• ANEXO II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actuación subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a forma de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.
No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.
• ANEXO III. Declaración conxunta
Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actuación subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actuación subvencionada.
Declaración responsable na que se faga constar que a actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.
Declaración responsable na que se faga constar que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu, en galego, na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actuación subvencionada.
Declaración responsable que no desenvolvemento da actuación non incluíu contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se puideran considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	61/101

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.
• Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida.
• Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.
A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.
Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión "Recibín en efectivo na data _____", asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).
Tamén se admitirá que na factura ou documento de valor probatorio equivalente conste forma de pago "en efectivo"ou " pagado en caixa".
Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.
Respecto ao contido das facturas: estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).
Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.
A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaiana proposta económica maisvantaxosa(cando o importe do gasto

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	62/101

subvencionable supere as contías establecidas na lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen ive- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen ive- en obras).
• Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación do custe realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do/a beneficiario/a.
O centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo/a beneficiario/a, copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.
O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado polo/a beneficiario/a. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.
Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS)nos seguintes supostos:
a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.
b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actuación, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.
e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	63/101

cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos/ás beneficiarios/as, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actuación, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos/ás beneficiarios/as, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.
Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.
Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actuación subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.
O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.
As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.
Calquera actuación, consecuencia da actuación subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	64/101

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.
Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do/a beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.
De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.
Así mesmo, infórmase ao/á beneficiario/a desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	S	Outros Servicios
FINALIDAD	14	Comercio, Turismo y Pymes
IMPACTO DE GÉRERO	2	Nulo, cando non existindo desigualdade de partida en relación a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes non se prevexa modificación algunha de esta situación
INSTRUMENTO DE AYUDA	SUBV	Subvención e entrega dineraria sen contraprestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: http://www.deputacionlugo.gal/subvencions.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.
A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o beneficiario poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	65/101

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada LRXS.
A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.
Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.-Vixencia do Convenio.
A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2026, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2028, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.
O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenio
O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.
O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	66/101

Décimo sétima.- Plan de auditoría.
A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:
1. Comprobar a execución polos/as beneficiarios/as das actuacións ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.
Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.
As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdicional contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6º.- Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de actuacións de "dotación de servizos no ámbito rural", no Concello de Barreiros, ano 2025 (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2025).

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"I. O 30 de decembro de 2025 asinouse polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Barreiros o convenio interadministrativo de cooperación referenciado no encabezamento.
Consonte ao establecido na súa cláusula primeira, o obxecto do convenio comprendía: actuacións en dúas parcelas situadas en San Pedro de Benquerencia e San Xusto de Cabarcos; actuacións en cinco camiños agro-forestais; a creación dun paso de auga

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	67/101

baixo un camiño municipal en Celeiro de Mariñaos; e actuacións no local social de San Xusto.
A Deputación provincial de Lugo comprometeuse a financiar as actuacións na súa totalidade, segundo se estipula na citada cláusula primeira do convenio.

II. O 23 de outubro de 2026, antes de rematar o prazo de xustificación do convenio, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº: 2026RT020055) escrito da representante legal do Concello de Barreiros, no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, no que atinxe a:
• O obxecto do convenio e o cadro de financiamento, reflectidos na cláusula primeira.
• O prazo de xustificación.

III. En relación con esta solicitude, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a dita modificación, a cal se levaría a cabo a través da correspondente addenda, por considerar xustificado o motivo da solicitude, e acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non alteraba as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpría cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- A modificación da cláusula primeira do convenio de referencia, no que atinxe ao seu obxecto e ao cadro de financiamento, nos termos do texto da addenda, cuxo borrador, con CSV: IV77SSA5F5HP2XJT4BHXDZJPOE, figura no expediente.

2º.- A modificación da cláusula cuarta, no que atinxe aos compromisos da Deputación Provincial de Lugo, nos termos do texto da addenda que figura no expediente.

3º.- A modificación da cláusula quinta, no que atinxe á achega do Concello de Barreiros e ao prazo de xustificación, nos termos do texto da addenda que figura no expediente".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7º.- Proposta de aprobación de segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria co obxecto de cooperar no financiamento dos gastos derivados da

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	68/101

execución da actuación "Execución da actuación de mellora nas pistas deportivas do complexo deportivo municipal de O Chanto" no Concello de Sarria, ano 2025 (aprobado por acordo da xunta de goberno de data 30 de decembro de 2025).

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Deportes no que literalmente se indica:

Asunto: Modificación mediante segunda addenda do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución da actuación consistente na "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO" NO CONCELLO DE SARRIA, ANO 2025.

En relación ao asunto de referencia emítese o seguinte informe:

Primeiro.- O 12 de xaneiro de 2026 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución das actuacións consistentes na "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO" no Concello de Sarria, ano 2025, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 30 de decembro de 2025.
Na súa virtude, o Concello de Sarria comprometeuse, entre outros, a executar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de setembro de 2026. E así mesmo, asumiu a obriga de presentar ante a Deputación Provincial de Lugo a respectiva conta xustificativa das actuacións e dos gastos realizados, unha vez transcorrido o prazo de execución das actuacións previstas e contempladas no referido convenio, no prazo inicialmente previsto que abarca ata o 31 de outubro de 2026 para a xustificación dos gastos executados.

Segundo.- O 4 de agosto de 2026 asinouse a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria co obxecto de cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO" no Concello de Sarria, ano 2025, aprobada por acordo de Xunta de Goberno de 31 de xullo de 2026.
A Cláusula Segunda da addenda ao convenio, na que se modifica a Cláusula CUARTA do convenio, establece que o prazo de execución da actuación abarca dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de outubro de 2026.
Na Cláusula Terceira da addenda ao convenio, na que se modifica a Cláusula QUINTA do convenio establece que o prazo previsto de xustificación da achega económica da actuación abarca ata o 15 de novembro de 2026.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	69/101

Terceiro.- O representante legal do Concello de Sarria remitiu escrito, o 23/10/2026 (2026/PES_03/020526) e número de rexistro 2026RT020043, solicitando a modificación das condicións de xustificación do convenio inicial así como da addenda asinada, cunha ampliación dos prazos previstos para a execución e xustificación da actuación prevista.
Na súa solicitude, o Concello de Sarria, expón como causas da referida solicitude de modificación dos prazos previstos:
- "As pistas presentan un pavimento e un cerramento deteriorados que limitan o seu uso e a súa seguridade. As instalacións premanecerán pechadas por obras dende o luns 26 de outubro ata a finalización dos traballos.
- Os pavimentos de resina requiren soporte seco e temperaturas suaves para a súa aplicación e curado. Estas condicións non están garantidas en Sarria durante o outono e inverno, polo que a súa aplicación difírese a un período climático máis favorable.
- Por este motivo execútase agora as unidades que non dependen da climatoloxía (demolicións, bases, drenaxe, cerramento e equipamento) e as resinas adquírense e acopianse en obra para a súa certificación e aplicaranse cando a climatoloxía o permita".
O Concello de Sarria xustifica, por tanto, a súa solicitude de modificación do convenio de referencia e da addenda asinada e consecuente modificación dos prazos de execución e xustificación relativos á actuación "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO" NO CONCELLO DE SARRIA, ANO 2025, a consecuencia das circunstancias sobrevidas resulta materialmente imposible executar as actuacións dentro dos prazos establecidos para levar a cabo a actuación.

Cuarto.- En todo caso, acreditada a concorrencia de interese común e visto que non se alterarían as condicións esenciais do documento inicial, a xuízo do servizo de Deportes, e á vista das circunstancias expostas polo Concello de Sarria, e tendo en conta o prazo de execución previsto, a petición de modificación de prazos formulada ha de encaixarse atendendo as necesidades expostas polo Concello de Sarria, e así mesmo, ao equilibrio nas previsións de trámites ordinarios derivados da revisión e posible emenda de documentación prevista no convenio, dos trámites do propio servizo de Deportes e dos demais servizos da Deputación afectados, polo que se considera procedente asumir a petición expresa do concello de Sarria no relativo a un novo prazo de xustificación das actuacións realizadas con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 o día 30 de novembro de 2026, e como data límite para a execución e xustificación da con cargo a aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026, abarca como data limite ata o 30 de xuño de 2027 de acordo ás causas reflectidas na solicitude.

Quinto.- No que á modificación do convenio respecta, a administración local realiza a petición ao abeiro da cláusula oitava do convenio de referencia que reflicte expresamente:
OITAVA.- Modificación

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	70/101

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.
Ha de terse en conta que a modificación dos prazos obxecto de solicitude non altera as condicións esenciais do convenio aprobado, dado que só se refire á ampliación dos prazos de execución e xustificación indicados anteriormente e previstos no documento convenio inicial.

Por todo o exposto, a xuízo do servizo de Deportes procede informar favorablemente a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución da actuación consistente na "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO" NO CONCELLO DE SARRIA, ANO 2025, formalizado o 12 de xaneiro de 2026, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Secretaría Xeral

Á vista do informe de Intervención

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Aprobar o texto da segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución das actuacións consistentes na "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO" NO CONCELLO DE SARRIA, ANO 2025, formalizado o 12 de xaneiro de 2026, nos termos da addenda con CSV: IV77SUJCBHRCJRHIYY5BMAAT4Q".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	71/101

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, O ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 1 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE BEGONTE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"En data de 31 de agosto de 2026, foi presentado un escrito por D. Severiano Ónega Ares,en representación de TROBO AGRÍCOLA S. COOP. GALEGA, mediante o que solicita a adquisición da parcela número 1, situada no Polígono Industrial de Saavedra, no Concello de Begonte, por importe de setecentos vinte e un mil trescentos dezaseis euros con vinte e cinco céntimos (721.316,25€) máis IVE, mediante a seguinte forma de pagamento:
- Trinta a seis mil sesenta e cinco euros con oitenta e un céntimos (36.065,81€) no momento de formalización da escritura de compraventa.
- A contía restante, seiscentos oitenta e cinco mil douscentos cincuenta euros con corenta e catro céntimos (685.250,44€), en 19 pagos trimestrais.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de marzo de 2025, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo urbano de uso industrial e solo rústico, propiedade da Deputación situadas no Concello de Begonte, mediante poxa, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento, que foi publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público, en data de 13 de marzo de 2025.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2025, acordou a adxudicación de parcelas do Polígono Industrial de Saavedra no Concello de Begonte, aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do mesmo.

A parcela número 1 do Polígono Industrial de Saavedra, no Concello de Begonte , figuraba neste prego reitor do procedemento cun prezo de licitación , de setecentos vinte e un mil trescentos dezaseis euros con vinte e cinco céntimos (721.316,25€) máis IVE e non foi adxudicada neste procedemento.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial de Saavedra no Concello de Begonte, recolle na súa cláusula 20 :

" No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións".

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio, en data de 29 de setembro de 2026, baixo o CSV IV77UL733MBYJWJYCU5TGAADIM que conclúe:
"..., considérase que a oferta presentada por TROBO AGRÍCOLA S. COOP. GALEGA para a adquisición da parcela número 1 do Polígono Industrial de Saavedra, no Concello de

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	72/101

Begonte, cumpre co establecido no prego reitor e coa lexislación vixente, polo tanto, procede o alleamento da mesma mediante adxudicación directa, mediante a seguinte forma de pagamento:
-Trinta a seis mil sesenta e cinco euros con oitenta e un céntimos (36.065,81€) no momento de formalización da escritura de compraventa, xunto co IVE.
- A contía restante, seiscentos oitenta e cinco mil douscentos cincuenta euros con corenta
e catro céntimos (685.250,44€), en 19 pagos trimestrais....”

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 21 de outubro de 2026 , con CSV IV77QEHCFLV2J7E6UVXGCUQSJ4 que conclúe:
“... Á vista das anteriores consideracións, e sen prexuízo do resultado derivado de actuacións comprobatorias posteriores de control financeiro mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría, infórmase que non se manifesta inconveniente á tramitación do expediente do Procedemento de Alleamento, por adxudicación directa, da parcela número 1 do polígono industrial de Saavedra, no Concello de Begonte, si se cumpren as condicións anteriormente expostas e demais incluídas no prego de condicións para o alleamento da devandita parcela...”

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 1 do Polígono Industrial de Begonte, a favor de TROBO AGRÍCOLA S. COOP. GALEGA, polo importe de setecentos vinte e un mil trescentos dezaseis euros con vinte e cinco céntimos (721.316,25€) máis IVE, mediante a seguinte forma de pagamento:
- Trinta a seis mil sesenta e cinco euros con oitenta e un céntimos (36.065,81€) no momento de formalización da escritura de compraventa xunto co IVE.
- A contía restante, seiscentos oitenta e cinco mil douscentos cincuenta euros con corenta e catro céntimos (685.250,44€), en 19 pagos trimestrais, co devengo dos intereses correspondentes, de acordo co disposto no prego de cláusulas administrativas, reitor do alleamento de parcelas de solo industrial, mediante poxa.

2º.- Formalizar o contrato compraventa da parcela número 1 do Polígono Industrial de Begonte, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de TROBO AGRÍCOLA S. COOP. GALEGA.

3º.- Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 1 do Polígono Industrial de Begonte”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	73/101

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DE DIVERSAS FACTURAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo de Parque Móbil, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas fora de contrato polo importe de 11.380,24 euros.

O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
CANTEIRA DO PENEDO, S.A.	Rect- B- 197	14/03/26	11.380,24 €	Subm.áridos P.Móbil 2026/FAC-01/003926	SUBM.	Do 1 ao 14 de marzo/26	9201.210 92026/13250
	TOTAL		11.380,24 €				

TOTAL 11.380,24 €

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento
Visto/s informe/s de Intervención
Vista/s Resolucións/es da Presidencia de data/s 21 de outubro de 2026 na/s que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 11.380,24 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propoñendo o pagamento da/s seguinte/s factura/s, por un importe total de 11.380,24 €. :

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
CANTEIRA DO PENEDO, S.A.	Rect- B- 197	14/03/26	11.380,24 €	Subm.áridos P.Móbil 2026/FAC-01/003926	SUBM.	Do 1 ao 14 de marzo/26	9201.210 92026/13250
	TOTAL		11.380,24 €				

TOTAL 11.380,24 €".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	74/101

15.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE, ANTE O MINISTERIO DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E RETO DEMOGRÁFICO, DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE PROXECTOS INNOVADORES PARA A TRANSFORMACIÓN TERRITORIAL E A LOITA CONTRA O DESPOBOAMENTO. PROXECTO TECENDO NO RURAL: PROGRAMA DE INCLUSIÓN DIXITAL, INNOVACIÓN SOCIAL E CONEXIÓN INTERXERACIONAL NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"NORMATIVA
• Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, pola que establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento (BOE núm. 290 do 4 de decembro de 2021).
• Orde TED/1074/2025, do 24 de setembro, pola que se modifica a Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, pola que establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento (BOE núm. 238 do 3 de outubro do 2025).
• Orde do 28 de setembro de 2026 pola que se convocan subvencións para o financiamento de proxectos innovadores promovidos por entidades locais durante o exercicio 2026 (Modalidade A)
(BNDS: https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatorias/931934)
• Extracto da Orde do 28 de setembro de 2026 pola que se convocan subvencións para a loita contra a despoboamento promovidas por entidades locais (BOE núm. 248, do 6 de outubro de 2026)

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 06.10.2026 o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico publica no BOE o Extracto da Orde do 28 de setembro de 2026 pola que se convocan subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, promovidos por entidades locais, durante o exercicio de 2026 (BOE núm. 241 do 6 de outubro de 2026).
Na sede electrónica do Ministerio á súa vez publican os documentos vencellados á convocatoria (anexos, guía de presentación, FAQs...) [1].

[1]https://www.miteco.gob.es/es/reto-demografico/recursos-economicos-subvenciones/proyectos-innovadores/entidades-locales/2026.html

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	75/101

Finalidade.- A Orde establece que estas subvencións teñen como finalidade promover a realización de proxectos cuxo obxecto sexa o desenvolvemento socioeconómico das zonas con especiais dificultades desde a perspectiva da cohesión territorial e das condicións demográficas, promovidos por entidades locais.

Beneficiarios.- Na Modalidade A, poden ser beneficiarias as Entidades Locais indicadas no artigo 3 das Bases Reguladoras, entre as que se inclúen expresamente as Deputacións Provinciais.

Obxecto.- A transformación territorial e a loita contra o despoboamento promovidos por entidades locais, que teñan estas características:
a) Os proxectos deberán achegar unha visión integral do problema demográfico da zona na que se prevé que se desenvolva, ter en conta as diferentes perspectivas e, preferentemente, abordar respostas transferibles para outras zonas rurais con problemas demográficos similares.
b) Os proxectos deberán ter como obxectivo propiciar a reactivación económica de zonas con problemas de despoboamento, mediante a revalorización do espazo rural; e iso desde unha dimensión socioeconómica, ambiental e de xénero.
c) Os proxectos deben ter un contido innovador para o territorio, de modo que promovan o desenvolvemento e execución de novas actividades económicas, a xeración de novos postos de traballo ou o mantemento dos xa existentes.

Importe da axuda.- O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.
A Orde establece que para cada proxecto seleccionado, o importe das subvencións concedidas no caso de Diputacións provinciais, a axuda non poderá ser inferior a 50.000€ nin superar o importe de 300.000€ e que as axudas concedidas non poderán superar o 90% do total do gasto subvencionable do proxecto.

Gastos subvencionables.-
a) Gastos de persoal propio ou contratado especificamente para o proxecto.
1.º Persoal propio da entidade solicitante dedicado á execución do proxecto. O custo máximo imputable por categoría profesional non poderá superar o 120 % do importe das retribucións fixadas para os correspondentes grupos profesionais no Convenio Colectivo Único vixente para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, ata o importe efectivamente abonado, de ser este inferior ao anterior.
Non poderán incluírse neste concepto os gastos orixinados polos membros de xuntas directivas ou consellos de dirección das beneficiarias, derivados do desenvolvemento desa función.
2.º Persoal contratado especificamente para o proxecto. O custo máximo imputable por categoría profesional non poderá superar o 120 % do importe das retribucións fixadas para os correspondentes grupos profesionais no Convenio Colectivo Único vixente para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, ata o importe efectivamente abonado, de ser inferior ao anterior.
3.º Outros gastos de persoal vinculados directamente ao proxecto, sempre que estean xustificados, tales como asistencia a cursos de formación específicos para o

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	76/101

desenvolvemento do proxecto, seguros de responsabilidade profesional, recoñecementos médicos obrigatorios ou outros conceptos asimilables. En ningún caso terán o carácter de gastos de persoal xustificables as indemnizacións por despedimento.
b) Bens e servizos de uso corrente.
1.º Gastos en material funxible nos que incorra a beneficiaria para a execución do proxecto.
2.º Gastos en material didáctico, audiovisual ou promocional nos que incorra a beneficiaria para a execución do proxecto.
3.º Alugueiro de espazos, equipos, vehículos ou maquinaria.
4.º Servizos profesionais contratados necesarios para a execución do proxecto (consultorías, traducións, formadores externos, dinamización de actividades, relatoras, colaboradores esporádicos ou asistencia técnica, asesoría xurídica ou financeira ou outros similares).
5.º Reparación, mantemento e conservación.
6.º Publicidade, difusión e comunicación.
7.º Desprazamentos, manutención e estancias do persoal propio da entidade solicitante ou do persoal contratado especificamente para o proxecto, sempre que os gastos estean vinculados directamente ao proxecto. No caso de persoal distinto ao anterior, estarán limitados a aqueles precisos para participar en actividades que organice a beneficiaria con ocasión do desenvolvemento do proxecto.
O custo máximo imputable por estes conceptos non poderá superar o 150 % das contías fixadas para o Grupo 2 polo Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. Este tipo de gastos non poderá superar, en ningún caso, o 10 % do importe total da subvención concedida á beneficiaria.
c) Outros gastos correntes.
1.º Tributos: taxas, contribucións e impostos directamente vinculados ao proxecto. En ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.
2.º Gastos de revisión da Conta Xustificativa. O importe subvencionable por este concepto non poderá exceder o 7,5 % do total da subvención concedida, sen que en ningún caso poida superar os 6.000,00 euros por proxecto.
3.º Outros gastos correntes, sempre que se describa e xustifíquese a súa finalidade e vinculación co proxecto. Non se considerarán subvencionables gastos en premios, bolsas ou outras axudas.
d) Gastos de investimento.
1.º Investimentos en bens inmobles: adquisición, construción ou grandes reparacións de bens inmobles (edificios, locais, oficinas, entre outros), ou outras infraestruturas (viarias, deportivas e outras dotacións). O custo máximo imputable como gasto de investimento en bens inmobles non poderá superar o 50 % do importe total da subvención concedida.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	77/101

2.º Investimentos en bens mobles e vehículos.
3.º Gastos de investimento de carácter inmaterial.
e) Gastos indirectos. Imputaranse como un máximo do 10 % dos gastos directos subvencionables. Dita fracción de custo non requirirá unha xustificación adicional.

Período de execución.- Serán financiables os gastos contraídos entre a data de publicación da resolución de concesión e a data límite de execución do proxecto. O prazo máximo de execución dos proxectos que resulten subvencionados será de vinte e dous meses, contados desde a data de publicación da resolución de concesión.

Prazo.- A tramitación do procedemento realizarase a través da sede electrónica do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico[1] e o prazo de presentación de solicitudes remata o 06.11.2026.
Xunto coa solicitude, aportaránse datos técnicos/económicos do proxecto a través da plataforma habilitada a tal efecto na sede electrónica do Ministerio.
Así mesmo, a Orde, entre outros documentos propios dunha solicitudes de axudas (certificados de non ter débedas, autorizacións de consultas de datos, certificado de conta bancaria...) esixe un certificado da entidade solicitante do acordo de aprobación do proxecto e da solicitude de axuda.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Á vista da orde reguladora das axudas contémplase a posibilidade de solicitar financiación para a execución do proxecto denominado" Tecendo no rural: programa de inclusión dixital, innovación social e conexión interxeracional na Provincia de Lugo". O obxectivo deste proxecto é mellorar a autonomía, a participación social e a calidade de vida da poboación rural, especialmente das persoas maiores, e contribuír a que poidan permanecer no seu territorio.
Tecendo no rural pretende transformar a formación tecnolóxica convencional nun servizo itinerante de acompañamento de proximidade nos municipios da provincia de Lugo de menos de 5.000 habitantes. Ese servizo aplica a intelixencia artificial útil para reforzar a autonomía persoal e combater a soidade. Os resultados do proxecto mediranse pola autonomía adquirida e pola capacidade das persoas para manter vínculos e acceder a servizos sen abandonar o medio rural. A innovación é organizativa e social, ademais de tecnolóxica, e o modelo está pensado para ser replicable.
O proxecto combina talleres prácticos, asistencia para acceder a servizos e experiencias interxeracionais. As actividades desenvolveranse, entre outros, en espazos municipais, asociacións, centros de maiores e residencias, conectando a veciñanza coas familias.
O orzamento do proxecto ascende a 335.000,00€. A Orde establece que para cada proxecto seleccionado, o importe das subvencións concedidas no caso de deputacións provinciais a axuda non poderá ser inferior a 50.000€ nin superar o importe de

[1] https://sede.miteco.gob.es/portal/site/seMITECO/ficha-procedimiento?procedure_suborg_responsable=257&procedure_etiqueta_pdu=null&procedure_id=1121&by=theme

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	78/101

300.000€ e que as axudas concedidas non poderán superar o 90% do total do gasto subvencionable do proxecto.
Baixo esta premisa a Deputación debe acadar o compromiso de asumir o custo non subvencionable segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO ESTIMADO	AXUDA SOLICITADA	ACHEGA ESTIMADA DPL
335.000,00 €	300.000,00 €	35.000,00 €

As cantidades anteriores teñen a consideración de máximas pero poderán sufrir algunha modificación á baixa en función das actuacións solicitadas que se consideren financiables e da resolución de concesión das axudas.

SEGUNDA.- O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local- LBRL, recolle as competencias das Deputacións Provinciais entre as que se atopa a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

TERCEIRA.- Respecto do órgano competente, o Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial, publicado no BOP de Lugo Núm. 202 de data 3 de setembro de 2020, establece no seu artigo 59 que lle corresponde á Xunta de Goberno as seguintes atribucións, entre outras, delegadas do Presidente e do Pleno:
(...)17. Solicitude de subvencións a organismos oficiais e privados cando a devandita competencia non sexa atribución do presidente/a.(...)"
Vense considerando que a Xunta de Goberno é a competente tanto en materia de contratación, como de subvencións e convenios cando o seu importe supera o dos contratos menores.
Polo tanto, neste caso a competencia para presentar a solicitude de subvención corresponde á Xunta de Goberno.

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, PROPONSE á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o proxecto nomeado Tecendo no rural: programa de inclusión dixital, innovación social e conexión interxeracional na Provincia de Lugo e acordar a solicitude ante o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico das axudas reguladas na Orde do 28 de setembro de 2026 pola que se convocan subvencións para o financiamento de proxectos innovadores promovidos por entidades locais durante o exercicio 2026 (Modalidade A)

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	79/101

Facúltase para a realizar este trámite á Sección de Innovación e Participación Cidadá co obxecto de que presenten na sede electrónica correspondente toda a documentación esixida polas bases da convocatoria de axudas.

2º.- Aprobar o orzamento total do proxecto, por un importe de 335.000,00 € , segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO ESTIMADO	AXUDA SOLICITADA	ACHEGA ESTIMADA DPL
335.000,00 €	300.000,00 €	35.000,00 €

As cantidades anteriores teñen a consideración de máximas pero poderán sufrir algunha modificación en función das actuacións solicitadas que se consideren financiables e da resolución de concesión das axudas.

No caso de que a resolución de concesión das axudas se efectúe no 2026, a consignación orzamentaria para esta anualidade realizarase no momento da aceptación da resolución favorable da axuda. Para as seguintes anualidades, de ser o caso, deberá adoptarse o compromiso de incluír, nos orzamentos xerais das mesmas, os importes correspondentes nas aplicacións orzamentarias segundo a natureza das actividades a realizar, quedando supeditados á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no suposto de concesión da axuda".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DE RENUNCIAS A SUBVENCIÓNS, NO MARCO DO PROGRAMA "DA ESCOLA Á GRANXA".

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"I. O 25 de xuño de 2025 foi publicada no BOP a resolución definitiva de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, no marco do Programa "Da escola á granxa", de formación en proxectos de emprendemento rural, para as ANPAS da provincial de Lugo, na anualidade 2025, resultando beneficiarias, entre outras, as entidades, co obxecto e polos importes que se describen:

BENEFICIARIA	OBXECTO	IMPORTE
APA del colegio de los Franciscanos de Lugo	Arqueixal	1.000,00
	Pazo de Vilane	1.000,00
	Pazo de Vilane	1.000,00
APA de los centros docentes de Fonsagrada	ADEGA	546,25
	ADEGA	546,25
	Arqueixal	1.000,00
	Champivil	1.000,00
	Airas Moniz	1.000,00
ANPA Martínez Otero	Terras da Mariña	1.000,00

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	80/101

Asoc. de mais e pais CEIP de Oural-Sarria	MUVICLA	1.000,00
ANPA CEIP San Miguel	Agroalimentaria Laurentina	1.000,00
Asoc de nais e pais Outeiro do CEIP Pobra de Brollón	Granxa Aeiroá	1.000,00
	Gandería Puluán SC	1.000,00
	Casa Benito	1.000,00
	Casa da Escola SC	1.000,00
	ADEGA	546,00
Asoc de nais e pais de alumnos/as do CEIP Manuel Mato Vizoso	Fogares e apoio aos menores Lar	1.000,00
ANPA del CEIP de Monterroso	Pazo de Vilane	1.000,00
APA Colegio Público de Cervo	A Horta da Sancoveiga	1.000,00
APA del colegio público comarcal de Antas de Ulla	Pazo de Vilane	1.000,00
	Granxa Teixeiro e Pistón	1.000,00
	Sen máis - As Vacas da Ulloa	1.000,00
	Airas Moniz	1.000,00
	Arqueixal	1.000,00
Asoc Padres de alumnos CEIP San Xoan Becerreá	Cachenas de San Breixo	997,50
	Gandería Castelo SC	997,50
	Gandería Docampo	997,50
Asoc de pais de alumnos Terra Cha do CEIP de Román	Cachenas Cas Fidalgo	1.000,00
Asoc. ANPA CEIP Península da Paz	A Horta da Sancoveiga	855,00
	A Horta da Sancoveiga	855,00
ANPA CEP Lois Tobío	Gandería Alejandro Salvatierra	1.000,00
APA CPI Dr. López Suárez de Friol	Pazo de Vilane	1.000,00
APA del colegio público de Vicedo	Mantoño Holstein	1.000,00
Asoc de nais e pais de alumnos CEIP Anexa	Mantoño Holstein	1.000,00
APA Colegio Público Pantón	Casa da Escola SC	760,00
	Tres Fuciños S Coop Galega	903,45
Asoc ANP do CEIP O Corgo	Casa Bértolo SC	950,00

II. Os días 1, 17, 25 e 30 de setembro de 2025, o 9 de outubro do mesmo ano, e os días 28 de marzo, 28 de abril e 6 de maio de 2026, tiveron entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade escritos dos representantes das beneficiarias citadas, renunciando ás subvencións que se reflicten na táboa do apartado anterior.

III. Á vista dos ditos escritos de renuncia, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse informe do seguinte teor:
"(...).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Normativa reguladora da renuncia a subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Lugo.
O artigo 3 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 9, do 11 de xaneiro de 2024) establece que as subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo rexeranse, ademais de: pola normativa europea, estatal, autonómica e propia en materia de subvencións; pola lexislación básica do Estado reguladora da Administración Local; polas Bases de

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	81/101

Execución do Orzamento vixentes en cada momento, e polo Regulamento Orgánico da Deputación; polas restantes normas de Dereito Administrativo.

Segundo.- Renuncias a subvencións en réxime abreviado de concorrencia competitiva, no marco do Programa "Da escola á granxa".
A normativa aplicable en materia de subvencións limítase a establecer, no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no sucesivo, RLXS), en relación coa renuncia a estas, que mediante resolución acordarase a renuncia ao dereito a elas; engadindo que, cando así se previra nas bases reguladoras, a resolución de concesión, ademais de conter os solicitantes aos que se concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes, poderá incluír unha relación ordenada de todas as que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiario, non foran estimadas por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria.
Neste suposto (continúa o dito artigo do Regulamento), se se renunciase á subvención por algún dos beneficiarios, o órgano concedinte acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes a aquel, sempre e cando coa renuncia por parte de algún dos beneficiarios, se liberara crédito suficiente para atender, polo menos, unha das solicitudes denegadas.
Finalmente, o mesmo artigo 63 do RLXS establece que o órgano concedinte da subvención comunicará esta opción aos interesados, a fin de que accedan á proposta de subvención no prazo improrrogable de dez días. Unha vez aceptada a proposta por parte do solicitante ou solicitantes, o órgano administrativo ditará o acto de concesión e procederá á súa notificación nos termos establecidos na Lei Xeral de Subvencións e no dito Regulamento.
Por outra banda, cómpre facer uso da antes citada cláusula residual "polas restantes normas de Dereito Administrativo", acudindo, en relación coa renuncia a dereitos, á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (no sucesivo, LPACAP).
O artigo 94 da citada LPACAP regula o exercicio, medios e efectos do dereito a ela nos seguintes termos:
"1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.
(...).
3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.
4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, habendo acudido ao mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia.
5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interese xeral ou fora convinte substanciala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou a renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	82/101

Do contido dos preceptos citados despréndese que todo interesado poderá renunciar aos seus dereitos; neste caso, ao cobro das subvencións concedidas.
Dita renuncia ten que realizarse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan; requisitos que cumpren os escritos presentados polos representantes das beneficiarias indicados no antecedente terceiro deste informe.
Ademais, segundo a documentación que integra os expedientes, non acudiron aos procedementos terceiros interesados, e non se aprecia interese xeral que induza a seguilos.
En consecuencia, tras dar por exercidas, por parte dos representantes das beneficiarias citadas no antecedente terceiro deste informe, as renuncias aos seus dereitos ás subvencións, aos que se refire o artigo 94.1 da LPACAP, procede aceptalas e declarar conclusos os procedementos relativos ás correspondentes solicitudes.
De elo deriva que, en aplicación do antes citado artigo 63 do RLXS, se liberen 34.954,45 € dos dispostos para a concesión das subvencións as entidades renunciantes.

Terceiro.- Resolución das renuncias e da concesión das subvencións aos novos beneficiarios
Consonte ao disposto no citado artigo 63.2 do RLXS, a aceptación das renuncias ao dereito ás subvencións acordarase mediante resolución, que, de acordo co establecido na Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral vixente, corresponde á Xunta de Goberno, por ser o órgano que acordou a concesión de aquelas.
Asemade, como se viu, o apartado 3 do mesmo artigo 63 do RLXS establece que no suposto de renuncias, o órgano concedinte acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención aos solicitantes seguintes, sempre e cando coa renuncia por parte de algún dos beneficiarios, se liberara crédito suficiente para atender as súas solicitudes; opción que lles será comunicada aos interesados, a fin de que accedan á proposta de subvención no prazo improrrogable de dez días.

Vistos os citados antecedentes e fundamentos de dereito, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, infórmase favorablemente a aceptación das renuncias ás subvencións outorgadas ás entidades, cos obxectos e polos importes seguintes, así como a declaración de conclusos os procedementos a elas relativos:

BENEFICIARIA	OBXECTO	IMPORTE
APA del colegio de los Franciscanos de Lugo	Arqueixal	1.000,00
	Pazo de Vilane	1.000,00
	Pazo de Vilane	1.000,00
APA de los centros docentes de Fonsagrada	ADEGA	546,25
	ADEGA	546,25
	Arqueixal	1.000,00
	Champivil	1.000,00
	Airas Moniz	1.000,00

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	Fecha y Hora	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	Página	83/101

ANPA Martínez Otero	Terras da Mariña	1.000,00
Asoc. de mais e pais CEIP de Oural-Sarria	MUVICLA	1.000,00
ANPA CEIP San Miguel	Agroalimentaria Laurentina	1.000,00
Asoc de nais e pais Outeiro do CEIP Pobra de Brollón	Granxa Aeiroá	1.000,00
	Gandería Puluán SC	1.000,00
	Casa Benito	1.000,00
	Casa da Escola SC	1.000,00
	ADEGA	546,00
Asoc de nais e pais de alumnos/as do CEIP Manuel Mato Vizoso	Fogares e apoio aos menores Lar	1.000,00
ANPA del CEIP de Monterroso	Pazo de Vilane	1.000,00
APA Colegio Público de Cervo	A Horta da Sancoveiga	1.000,00
APA del colegio público comarcal de Antas de Ulla	Pazo de Vilane	1.000,00
	Granxa Teixeiro e Pistón	1.000,00
	Sen máis - As Vacas da Ulloa	1.000,00
	Airas Moniz	1.000,00
	Arqueixal	1.000,00
Asoc Padres de alumnos CEIP San Xoan Becerreá	Cachenas de San Breixo	997,50
	Gandería Castelo SC	997,50
	Gandería Docampo	997,50
Asoc de pais de alumnos Terra Cha do CEIP de Román	Cachenas Cas Fidalgo	1.000,00
Asoc. ANPA CEIP Península da Paz	A Horta da Sancoveiga	855,00
	A Horta da Sancoveiga	855,00
ANPA CEP Lois Tobío	Gandería Alejandro Salvatierra	1.000,00
APA CPI Dr. López Suárez de Friol	Pazo de Vilane	1.000,00
APA del colegio público de Vicedo	Mantoño Holstein	1.000,00
Asoc de nais e pais de alumnos CEIP Anexa	Mantoño Holstein	1.000,00
APA Colegio Público Pantón	Casa da Escola SC	760,00
	Tres Fuciños S Coop Galega	903,45
Asoc ANP do CEIP O Corgo	Casa Bértolo SC	950,00

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Aceptar as renuncias ás subvencións outorgadas, no seo do Programa "Da escola á granxa", anualidade 2025, ás entidades, cos obxectos e polos importes seguintes:

BENEFICIARIA	OBXECTO	IMPORTE
APA del colegio de los Franciscanos de Lugo	Arqueixal	1.000,00
	Pazo de Vilane	1.000,00
	Pazo de Vilane	1.000,00
APA de los centros docentes de Fonsagrada	ADEGA	546,25
	ADEGA	546,25
	Arqueixal	1.000,00
	Champivil	1.000,00
	Airas Moniz	1.000,00
ANPA Martínez Otero	Terras da Mariña	1.000,00
Asoc. de mais e pais CEIP de Oural-Sarria	MUVICLA	1.000,00
ANPA CEIP San Miguel	Agroalimentaria Laurentina	1.000,00
Asoc de nais e pais Outeiro do CEIP Pobra de Brollón	Granxa Aeiroá	1.000,00
	Gandería Puluán SC	1.000,00
	Casa Benito	1.000,00
	Casa da Escola SC	1.000,00
	ADEGA	546,00
Asoc de nais e pais de alumnos/as do CEIP Manuel Mato Vizoso	Fogares e apoio aos menores Lar	1.000,00
ANPA del CEIP de Monterroso	Pazo de Vilane	1.000,00
APA Colegio Público de Cervo	A Horta da Sancoveiga	1.000,00

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	84/101

APA del colegio público comarcal de Antas de Ulla	Pazo de Vilane	1.000,00
	Granxa Teixeiro e Pistón	1.000,00
	Sen máis - As Vacas da Ulloa	1.000,00
	Airas Moniz	1.000,00
	Arqueixal	1.000,00
Asoc Padres de alumnos CEIP San Xoan Becerreá	Cachenas de San Breixo	997,50
	Gandería Castelo SC	997,50
	Gandería Docampo	997,50
Asoc de pais de alumnos Terra Cha do CEIP de Román	Cachenas Cas Fidalgo	1.000,00
Asoc. ANPA CEIP Península da Paz	A Horta da Sancoveiga	855,00
	A Horta da Sancoveiga	855,00
ANPA CEP Lois Tobío	Gandería Alejandro Salvatierra	1.000,00
APA CPI Dr. López Suárez de Friol	Pazo de Vilane	1.000,00
APA del colegio público de Vicedo	Mantoño Holstein	1.000,00
Asoc de nais e pais de alumnos CEIP Anexa	Mantoño Holstein	1.000,00
APA Colegio Público Pantón	Casa da Escola SC	760,00
	Tres Fuciños S Coop Galega	903,45
Asoc ANP do CEIP O Corgo	Casa Bértolo SC	950,00

2º.- Declarar conclusos os procedementos a elas relativos".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO CO CONCELLO DE BURELA.

Renuncia, por parte da representante do Concello de Burela, ao convenio interadministrativo de cooperación subscrito coa Deputación Provincial de Lugo, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "obras de acondicionamento da parcela da Escola municipal de Música e Casa da Xuventude", no Concello de Burela, ano 2025.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"I. A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou aprobar, o 22 de agosto de 2025, entre outros, o texto do convenio referido no encabezamento, así como o gasto, por importe de 273.600,76 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200 do Orzamento Xeral para o ano 2025, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio, que foi asinado polas partes o 4 de setembro de 2025.

II. O 3 de xullo de 2026, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade escrito da representante legal do Concello de Burela, no que, tras expoñer os motivos nos que fundaba o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	85/101

procedemento de modificación do convenio de referencia, para ampliar os prazos de execución e xustificación das actuacións que constituían o seu obxecto.

A modificación do convenio foi aprobada por Acordo da Xunta de Goberno do 7 de agosto de 2026, asinándose a correspondente addenda o mesmo 7 de agosto.

III. O 20 de outubro de 2026, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade escrito mediante o cal a representante do Concello de Burela formula renuncia ao convenio, motivada na demora do proceso de adxudicación do contrato necesario para a execución do obxecto do convenio, que levou á imposibilidade de cumprir os compromisos asumidos por aquel no seu seo.

IV. Á vista do dito escrito de renuncia e da documentación integrante do expediente, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a súa aceptación, a declaración de conclusión do procedemento e extinguido aquel, ao existir acordo unánime dos asinantes na súa resolución.

Polo exposto, propoño que a Xunta de Goberno acorde
1º.- Aceptar a renuncia formulada pola representante do Concello de Burela, ao convenio interadministrativo de cooperación subscrito coa Deputación Provincial de Lugo, o 4 de setembro de 2025, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "obras de acondicionamento da parcela da Escola municipal de Música e Casa da Xuventude", no Concello de Burela, ano 2025.

2º.- Declarar concluso o procedemento relativo ao citado convenio.

3º.- Dar por extinto o convenio ao incorrer na causa de resolución de acordo unánime dos asinantes".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de mil cincocentos vinte un euros (1.521,00 €) a CLUB HIPICO LA CRUZ para HIPICA; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	86/101

resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025, emite o seguinte, INFORME:

Primeiro. Que o CLUB HIPICO LA CRUZ presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 30/03/26 09:08 e numero de expediente 2026/CCP_01/000988 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2025, concedida para HIPICA, por acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xullo de 2025.

Segundo. Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo do día 28 de febreiro de 2025, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:
ANEXO I: Instancia de conta xustificativa.
ANEXO II: Memoria detallada actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre a realización da actividade e do cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade, incidencia social, competición/s na/s que se participou, categorías deportivas, datos deportivos da actividade, resultados obtidos, etc...
• Cadro de importes de financiamento.
• Declaración do custo total da actividade subvencionada.
• Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.
ANEXO III: Declaración responsable relativa a:
Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.
I. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.
II. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
III. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
IV. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	87/101

ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).
V. Que o beneficiario ao que represento:
- asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)" dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- non asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)"dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
VII. Que incluíu a imaxe corporativa da área de deportes da Excma. Deputación Provincial e empregou o idioma galego en calquera comunicación ou publicación e en todos aqueles soportes que a entidade utilizou para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.
VIII. Que no desenvolvemento da actividade non incluíu contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se puidesen considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.
IX. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
X. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.
ANEXO IV:
Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.
No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.
OUTRA DOCUMENTACIÓN
Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:
- Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.
- Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:
. Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	88/101

. Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.
. Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.
No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.
- No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.
Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.
A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.
Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).
Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.
Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).
A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.
Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	89/101

especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.
A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións).
• Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).
• O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.
No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Terceiro. Que revisada a documentación xustificativa, con data 02/07/2026 14:18 e número de rexistro de saída 2026RPS009801, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:
ANEXO IV RELACIÓN CLASIFICADA E IMPUTACIÓN DE GASTOS.
O orzamento indicado na solicitude contiña os seguintes gastos por conceptos: gastos federativos (2000,00 €), gastos de combustible (2000,00 €), gastos de seguro do vehículo (500,00 €), gastos de material non inventariable (500,00 €), e gastos de vestimenta (500,00 €), sumando un orzamento total de 5500,00 €. No anexo presentado soamente se relacionan facturas de gastos federativos e combustible, polo que se produce unha ostensible desviación entre os conceptos e gastos formulados na

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	90/101

solicitude e aqueles relacionados na conta xustificativa, polo que deberá modificar a relación de gastos engadindo os gastos orzamentados
Na columna de identificación debe indicar o tipo de documento (FACTURA ou CERTIFICADO)
A data de pagamento en numero de orde 9 é incorrecta (07/04/2025)
A data de pagamento en numero de orde 10 é incorrecta (06/06/2025)
Non se indican as datas de pagamento dos gastos da Federación Hípica Galega
Nas columnas de imputación (porcentaxe e importe) soamente deberá indicar facturas polo importe da subvención concedida (nestas columnas indicase erroneamente o IVE)
ANEXO I INSTANCIA.
Non se indica a cantidade solicitada (5.225,00 €)
Non se indica o custo total
ANEXO II MEMORIA XUSTIFICATIVA.
Destinatarios: debe indicar o numero de deportistas
Obxectivos: debe indicar os obxectivos da actividade
Punto II:
Non se indica o detalle do custo total
Cadro de financiamento:
Logo de emendar a relación de gastos deberá modificar os puntos II e III
Punto III:
Non se indica o orzamento (5.500,00 €)
Non se indica o custo total
Debe indicar a causa da desviación tendo en conta os conceptos e importes indicados no orzamento presentado na solicitude de subvención (anexo 3)
ANEXO III DECLARACIÓN RESPONSABLE.
Consultada a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) constatase que reflicte unha subvención concedida pola Xunta de Galicia por importe de 500,00 € e que á vista do indicado podería ser susceptible de estar destinada á mesma actividade para a que se concedeu a subvención obxecto de xustificación. En consecuencia, solicitase aclaración ao respecto, e no seu caso, a modificación e emenda dos anexos que procedan. De ser para a mesma actividade deberá indicala no Anexo III e II, e no caso contrario, deberá realizar unha declaración aclaratoria de dita circunstancia.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
Non se achegan as facturas de combustible.
No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.
Os comprobantes de pago deben conter a conta de orixe e a destino.
Acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.
Declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	91/101

dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.
Non se acredita correctamente o pagamento dos gastos federativos. O certificado da Federación Hípica Galega emitido con data 17/03/2026 ten un importe total de 1391,00 €. Os comprobantes de pago achegados suman un total de 1498,00 € (13/01/2025 676,00 €, 13/01/2025 615,00 € e 17/01/2025 207,00 €).
O comprobante de pago de licenzas de 17/01/2025 de 207,00 € non conten a conta de orixe e destino

Cuarto. Visto que consta recepción electrónica do requirimento da conta xustificativa asinada por parte do beneficiario de data 02/07/2026 15:49:57.

Quinto. Visto que non consta que o beneficiario CLUB HIPICO LA CRUZ de acordo ao previsto no punto 12 das bases da convocatoria da anualidade 2025, presentase documentación requirida de emenda da respectiva conta xustificativa.

Sexto. Á vista do exposto, por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de agosto de 2026 se acorda o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e presentar as alegacións que considere oportunas.

Sétimo. Que con data 01/09/2026 09:23 e numero de rexistro de saída 2026RPS012300 e de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificouse o referido acordo de Xunta de Goberno de 28 de agosto de 2026 de apertura do trámite de audiencia, para que no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción presentase as alegacións que considere oportunas, e do que consta recepción electrónica asinada por parte do beneficiario de data 08/09/2026 09:10:04.

Oitavo. Dentro do prazo comunicado do tramite de audiencia con data 13/09/2026 23:07:45 e no expediente 2026/CCP_01/000988, JOSE OTERO DIEGUEZ, na súa condición de representante da CLUB HIPICO LA CRUZ, presenta a seguinte documentación:
• Documentación do vehículo Volvo con matricula 4016FBY de titularidade da entidade beneficiaria CLUB HIPICO LA CRUZ
• Comprobante de pago de 207,00 € á Federación Hípica Galega
• Comprobante de pago de 2285,00 € á Federación Hípica Galega
• Factura 187 de Fundación Ferias y Exposiciones de Lugo de 2285,00 € que ten por concepto “Participaicon CSN** Equigal 2025 Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.
• Anexo IV en formato odt
• Certificación bancaria a nome da entidade beneficiaria CLUB HIPICO LA CRUZ
• Declaración responsable en formato odt
• Facturas de combustible a nome da entidade beneficiaria CLUB HIPICO LA CRUZ (11)

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	92/101

Con data 16/09/2026 11:11:32 e no expediente 2026/CCP_01/000988, JOSE OTERO DIEGUEZ, na súa condición de representante da CLUB HIPICO LA CRUZ, presenta a seguinte documentación:
• Anexo IV en formato pdf
• Declaración responsable en formato pdf
Ha de terse en conta que o tramite de audiencia se configura como a fase do procedemento administrativo na que, instruído o expediente e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, se pon de manifesto ao interesado para que poida alegar ou presentar documentos ou xustificacións que estime pertinentes.
Cómpre facer tal precisión para non entender tal tramite como un segundo tramite de corrección ou emenda para o que se tramitou a respectiva notificación á entidade beneficiaria, sen que esta, atendera tal requirimento de emenda de conta xustificativa.
En todo caso, o órgano xestor procedeu á análise e revisión da documentación presentada para os efectos de informar a a resolución do expediente que procedera.
Á vista de tal documentación constátase que:
• No Anexo IV, constan as seguintes deficiencias:
1.1. O numero de factura en orde 2 é incorrecto
1.2. Nas facturas de gasoil, nas columnas de imputación se indica: na porcentaxe 21%, non sendo correcto o importe indicado na columna do "importe" (por exemplo: na fila 1 o 21% de 73,01 € non é 12,67)
1.3. En numero de orde 11 se relaciona o certificado da Federación Hípica Galega de 17/03/2026 indicando unha cantidade errónea (1498 €), sendo a cantidade correcta 1391 €.
1.4. No numero de orde 12, ocorre o mesmo caso que no punto 2, na porcentaxe 10%, non sendo correcto o importe indicado na columna do "importe" (10% de 2285 € non é 207,73)
1.5. Polo tanto os sumatorios das bases, do custo total, e total gastos imputados son incorrectos.
• Non se modifica o Anexo I
• Non se modifica o Anexo II
• Non se aclara a subvención de 500,00 € de Xunta de Galicia relativa á consulta realizada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)
• Segue sen acreditarse correctamente, nin aclararse, o pagamento do certificado da Federación Hípica Galega de 17/03/2026 de 1391 €.

Noveno. En consecuencia, á vista e análise da documentación obrante no expediente, incluída aquela formulada no tramite de audiencia como alegacións á comunicación do inicio de procedemento de perda de dereito e apertura de tramite de audiencia, ha de concluírse que seria de aplicación o regulado no artigo 89 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, que sinala que se producirá a perda de dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de Subvencións, e visto que o

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	93/101

procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o menos que para o de reintegro, establecido no artigo 42 da referida Lei e o previsto no artigo 82 da Lei 39/2015 de 1 de outubro. E visto que como se expuxo anteriormente se cumpriu co respectivo tramite de requirimento de emenda de solicitude e co respectivo tramite de audiencia ao interesado.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede desestimar as alegacións formuladas pola entidade beneficiaria no referido tramite de audiencia e tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a CLUB HIPICO LA CRUZ por importe de mil cincocentos vinte un euros (1.521,00 €) para HIPICA, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Desestimar a documentacion formulada no tramite de audiencia presentada con data 13/09/2026 23:07:45 no expediente 2026/CCP_01/000988, por don JOSE OTERO DIEGUEZ, na súa condición de representante da CLUB HIPICO LA CRUZ, e relativas á notificación do acordo de Xunta de Goberno de 28 de agosto de 2026, de inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia en relación ao cobro total da subvención do procedemento de concorrencia competitiva de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, concedida a CLUB HIPICO LA CRUZ (Xunta de Goberno de 18/07/2025) por importe de mil cincocentos vinte un euros (1.521,00 €) para HIPICA, de acordo aos argumentos e razóns expostas no informe.

2º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN NO SERVIZO ACTIVO DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	94/101

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que Dona María Dolores Jul Villamor, Auxiliar Nivel II, nacida o día 4 de febreiro de 1960, presentou instancia por rexistro, de data 10 de agosto de 2026, na que solicita a prolongación da permanencia no servizo activo, para poder alcanzar un maior número de anos cotizados e da contía da pensión.

Tendo en conta que Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

"ANEXO V
XUBILACION DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL
A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas acaecidas nos últimos anos nesta materia.
Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose , en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.
É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.
Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:
a)Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.
a) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.
b) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerase, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	95/101

Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.
En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:
1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.
2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.
Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada".

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

A solicitude de Dona María Dolores Jul Villamor foi presentada dentro do prazo que establece o procedemento (entre os tres e os catro meses de antelación á data de cumprimento da idade de xubilación forzosa).

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previdо no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:
a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.
c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.
d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Considerando que os resultados dos últimos períodos de avaliación son positivos.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	96/101

En relación á asistencia ao traballo e absentismo, segundo consta nos rexistros do Sistema de control horario e de presenza, cabe referir que, durante o período do ano en curso a traballadora ten unha prestación efectiva de horas de xornada superior ás do total a prestar, téndose producido, en consecuencia, un cumprimento da xornada positivo.

Á vista de canto antecede, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido; e que, segundo consta no seu expediente persoal, existe un cumprimento axeitado en materia de desempeño e absentismo; e que, conforme aos datos de carreira de cotización para a continxencia de xubilacións que se acredita mediante documentación do INSS, a solicitante tería unha mingua porcentual significativa na base reguladora da súa pensión ó non chegar o 100%. Dado que existe conformidade expresa da traballadora afectada de prolongar a súa permanencia no servizo activo, e estando acreditado o seu bo desempeño, segundo se recolle no expediente de avaliación individual de desempeño.

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada.

Na miña condición de Deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte ACORDO:

Acceder á pretensión da funcionaria, Dona María Dolores Jul Villamor, de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano máis, polo período dun ano, dende o 5 de decembro de 2026 ó 4 de decembro de 2027".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN NO SERVIZO ACTIVO DUNHA ADMINISTRATIVA DE ADMINISTRACIÓN XERAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto que Dona María Isabel López Ferreiro, Xefa Unidade II Apoio e Xestión Administrativa Recadación, nacida o día 19 de novembro 1961, presentou escrito dirixido á Presidencia da Deputación, de data 4 de agosto de 2026, na que solicita a prolongación da permanencia no servizo activo.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	97/101

Tendo en conta que Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

"ANEXO V

XUBILACION DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas acaecidas nos últimos anos nesta materia.
Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose , en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.
É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.
Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:
a)Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.
a) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.
b) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerase, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.
En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:
1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.
2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	98/101

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada".

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

A solicitude de Dona Manuela Trigo Quiroga foi presentada dentro do prazo que establece o procedemento (entre os tres e os catro meses de antelación á data de cumprimento da idade de xubilación forzosa).

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o prevido no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:
a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.
c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.
d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de canto antecede, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido; e que, segundo consta no seu expediente persoal, existe un cumprimento axeitado en materia de desempeño e absentismo. Tendo en conta as necesidades organizativas e funcionais do servizo, así como a importancia de garantir a continuidade e a adecuada prestación das funcións encomendadas, considérase necesario a prolongación da permanencia no servizo activo da persoa interesada, atendendo á experiencia profesional acumulada, aos coñecementos específicos necesarios para o desempeño do posto de traballo e á incidencia que a súa saída podería ter no funcionamento ordinario do servizo.

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	99/101

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada e coa conformidade da Deputada Delegada da Área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas e do Xefe de Servizo I Xestion Recadacion e Inspeccions Tributarias de data 4 de agosto de 2026.

Na miña condición de Deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte ACORDO:

Acceder á pretensión da funcionaria, Dona María Isabel López Ferreiro, de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano máis, dende o 20 de Novembro de 2026 ata o 19 de Novembro de 2027".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- DACIÓN DE CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 153/2026, DE DATA 25 DE SETEMBRO DE 2026, DITADA POLO TRIBUNAL DE INSTANCIA SECCIÓN DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO PRAZA Nº1 DE LUGO NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000272/2025.

A Xunta de Goberno, propón que este asunto incluído inicialmente no apartado de Comunicacións da Presidencia pasa a tratarse como punto independente da Orde do día, incorporándose como punto 21 da presente acta.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto que no Procedemento Abreviado 0000272/2025 no que ditouse Sentenza con data 25 de setembro de 2026 nº 153/2026 polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 que estimou o recurso contencioso-administrativo interposto fronte a unha desestimación presunta, por silencio administrativo, logo da reclamación presentada por D. JAVIER GALLEGO VIGO, cuxa parte dispositiva é do seguinte teor literal:

"Que debo ESTIMAR y ESTIMO el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. JAVIER GALLEGO VIGO frente a la DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, en el procedimiento seguido ante este Juzgado como PROCESO ABREVIADO número 272/2025 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que la declaro contraria al ordenamiento jurídico, por lo que la ANULO; y en consecuencia, RECONOZCO el derecho del actor a percibir un complemento económico (complemento personal por motivos de salud) que garantice la misma retribución que venía percibiendo en concepto del complemento de itinerancia, con anterioridad a la adaptación del puesto de trabajo, y que se determinará en ejecución de sentencia, calculando la media percibida en los 11 meses anteriores al 1 de septiembre

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	100/101

de 2022; y todo ello, incrementado en el interés legal del dinero desde la fecha de la reclamación administrativa".

Visto o informe emitido polo letrado actuante neste procedemento no que se propón non formular recurso de apelación, e tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa) á Xunta de Goberno proponse o seguinte:

1º.- Darse por enterada da devandita Sentenza nº153/2026, de data 25 de setembro de 2026, ditada polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 de Lugo no PA 0000272/2025.

2º.- A non interposición de recurso de apelación fronte á citada Sentenza segundo os termos sinalados no informe emitido polo letrado intervinte neste procedemento.

3º.- Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza.

4º.- Quedar á espera da práctica de taxación de custas polo Letrado da Administración de Xustíza para proceder ao seu abono".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

23.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA **O SECRETARIO**

	IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Fecha y Hora**	02/11/2026 14:11:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SKKOLJHJTPMOQZWDKMQXII	**Página**	101/101